

Un chapeu de palla italiana



EUGÈNE LABICHE
[e MARC-MICHEL]



BIBLIOTECA-
ARQUIVO
TEATRAL
FRANCISCO
PILLADO
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

EDICIÓN
BILINGÜE

Un chapeu de palla italiana



EUGÈNE LABICHE
[e MARC-MICHEL]

Introducción, traducción e notas de
Ana Luna Alonso

31

 BIBLIOTECA-
ARQUIVO
TEATRAL
FRANCISCO
PILLADO
MAYOR

Deseño da Capa:
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da Capa:
CALROS SILVAR: “Carolina beilou” (1987). Técnica
mixta sobre papel

Edita:
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»
<https://www.udc.es/es/publicacions/>

© Da presente edición:
DEPARTAMENTO DE GALEGO-
PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

© ANA LUNA ALONSO

DOI
<https://doi.org/10.17979/spudc.978849749105>

VERSIÓN IMPRESA

I.S.B.N.

84-9749-105-X

Depósito Legal:

C -1088/2004

Impresión:


LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:

ANTONIO SOUTO

Distribución:

<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative
Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional
(CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus de Elviña • 15071 A Coruña

Consello Científico:

X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,
MANUEL FERREIRO, MANUEL LOURENZO PÉREZ,
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO,
LAURA TATO FONTAÍÑA

**UN CHAPEU DE PALLA
ITALIANA**

**EUGÈNE LABICHE
(E MARC-MICHEL)**

Introducción, traducción e notas de
ANA LUNA ALONSO

MMIV

INTRODUCCIÓN



Cita: Luna Alonso, Ana (2004): "Introducción", en E. Labiche, *Un chapéu de palla italiana*, A Coruña, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", pp. 9-37.

EUGÈNE LABICHE
(1815-1888)



Ao longo do século XIX, o itinerario do teatro francés revela unha busca de liberdade e unha procura de modernidade que se traducirá na renovación dos xéneros. Aínda que non sempre conseguiu estar á altura das ambicións, paradoxalmente, os fracasos representan certos avances cara á creación dun “novo teatro” a finais do século.

IMPERIO E RESTAURACIÓN

A esterilidade da arte dramática baixo o Imperio prolongouse aínda durante os anos da Restauración. A orde do ministro da policía, Joseph Fouché do 25 de abril de 1800, preludiaba a codificación dos teatros: a censura imperial non tardou en considerar que “a orde” debía ser a primeira das necesidades sociais, deixando así os praceres das artes relegados a un segundo plano. Daquela, os teatros regulamentáronse polo decreto do 29 de xullo de 1807 e Napoleón asignoulles un repertorio completo aos oito teatros existentes no momento: catro principais e catro secundarios. Neste segundo grupo estaban o Vodevil, o Ambigu-Comique, o das Variétés e o teatro da Gaîté. O teatro que tiña a consideración de “principal” vai seguir representando aos grandes clásicos como Corneille, Racine

ou Voltaire, e os seus imitadores seguirán tendo éxito. Os responsables dos efémeros éxitos serán actores de prestixio que, mercé ao seu talento, conseguirán facer que o público esqueza o esgotamento das convencións. Ata esta época, a comedia padecía as prohibicións de calquera xénero de tendencia á sátira e ficaría relegada á banalidade da comedia de costumes. A comedia seria ou a comedia lixeira, así como a traxedia, sobreviven grazas aos actores, mentres o vodevil tería que esperar á entrada en escena de Eugène Scribe a partir de 1820 para acadar o triunfo.

Con todo, cómpre salientar a tímida aparición de trazos de renovación nas obras de Lebrun ou Lemercier. A escritura romántica do teatro, así como a da novela, pasaba necesariamente pola recorrencia á historia dun Mérimée, dun Cavé, dun Dittmer ou do propio L. Vitet. Tratábase de escenas históricas que se despreocupaban da regra clásica das tres unidades.

O ano 1827 marcará unha etapa decisiva. Aínda que o *Cromwell* de Hugo (cos seus 6000 versos e 60 personaxes) resulta imposible de representar, o seu Prefacio reviste unha importancia capital polo que supón de rexeitamento da traxedia clásica e a súa teoría da traxedia moderna. Mentres, Stendhal reclamaba en *Racine e Shakespeare* unha traxedia nacional en prosa que mantivese dous principios fundamentais: liberdade e modernidade; Hugo pola súa parte, reivindicaba o rexeitamento das tres unidades e o culto exclusivo do fermoso, asegurando que o teatro pode reflectir absolutamente todos os temas. Nese mesmo ano, outros dos acontecementos han marcar o comezo deste proceso: o éxito dunha compañía inglesa que representará dúas obras de Shakespeare en París, e un melodrama de Ducange e Dinaux, considerado como revolucionario no seu xénero, *Trente ans ou la Vie d'un joueur*. Logo da caída do Imperio, Pixérécourt, amigo de Nodier, anunciaba unha evolución nas formas do drama e a aparición de novos temas, tales como o amor desgrazado e o interese polo descontento social. Na práctica, pódese

falar da procura da autencidade e da redución do artificio, unha busca que comeza a ser compartida por unha parte do público de Vigny, seguidor das reflexións de Cronwell. Tras *Henri III et sa cour*, obra do aínda mozo Dumas, en 1829 chegaría *Hernani* para consagrar o nacemento do drama romántico.

Mais as novidades do drama romántico non convenceron de súpeto a un público afeito ás tradicionais formas de expresión. Dumas por exemplo, comezou a escribir novelas-folletín e Hugo tería que esperar aínda cinco anos para poder representar *Les Burgraves* (1843) para logo abandonar definitivamente o teatro. O drama non achou nin o seu teatro, nin os seus actores, nin o seu público. Como consecuencia, o público decantouse pola traxedia clásica e o melodrama eclipsou o drama. Os dous autores dramáticos que conseguiron ter éxito na época foron Delavigne e Scribe, adaptando a súa creación ao gusto do público e elaborando un material que mestura drama e traxedia a partes iguais, romanticismo e clasicismo a un tempo. O teatro era a expresión dos costumes da época, pero a esperanza de renovación do xénero non se levaría a cabo nin co drama, nin coa comedia, a pesar das ambicións de determinados autores e críticos como Gautier ou Lassailly.

Esta é a razón pola cal a aventura do drama romántico semella presentarse como a historia dun fracaso. Un fracaso que visto desde o século XX adquire unha perspectiva fecunda e positiva, porque o romanticismo no teatro resultou ser unha liberación que abriría as portas dunha nova era para a expresión da traxedia

SEGUNDO IMPERIO E TERCEIRA REPÚBLICA

O público do Segundo Imperio é unha burguesía acomodada que segue preferindo un teatro de costumes, entre moralizante e divertido, renegando da violencia romántica dun Baudelaire. O máximo representante deste teatro, sen nos esquecer de Ponsard,

será Émile Augier¹, autor que acadará o éxito con *Le gendre de M. Poirier* (1854), escrito en colaboración con Sandeau. Dumas fillo vai moito máis lonxe coa moralización das súas “obras de tese” como *La dame aux camélias* (1852), pero as preferencias reais atopábanse no melodrama ou nas operetas de Offenbach, así como nos vodevís verificados e nas comedias lixeiras, xénero en que se ilustrou Victoriel Sardou e que rexuenece Labiche.

A forza cómica de Eugène Labiche consegue arrastrar o público egoísta da época. A lene ironía de Labiche, xunto co seu talento de dramaturgo, cheo de expresións cómicas e dun sentido agudo das situacións, era ben aceptada por este público cobizoso de cartos e praceres. As súas observacións satíricas inspiraron outros autores que coñecerían unha gloria fuxidiza como Édouard Pailleron (1834-1899); porén, Feydeau será o auténtico continuador de Labiche. De feito, os expresivos diálogos de Feydeau, as situacións cómicas creadas e a acción que regula coa precisión dun ballet nas entradas e saídas dos personaxes seguen tendo éxito na actualidade².

A fin de século e a chegada da *Belle Époque* verán nacer a comedia de bulevar de Tristan Bernard (*L'anglais tel qu'on le parle*, 1899), así como os cadros cómicos da vida cotiá nos cuarteis ou na oficina do inxustamente esquecido Georges Courteline³; ou mesmo

¹ Émile Augier escribe o prefacio das obras completas do seu amigo E. Labiche.

² Georges Feydeau (1862-1921). Redescuberto despois da súa morte, a partir dos anos 1950, sobre todo grazas ás representacións de J.-L. Barrault que conseguiu que os seus vodevís alegres e saltareiros volvesen a formar parte do repertorio teatral, incluída a Comédie Française. Os seus divertimentos, de forma e ritmo impecables, renovan o vodevil acompañado de cuplés dos anos 1820-1850. A súa calidade atópase na perfección mecánica das situacións xunto coa eficacia cómica do estilo. Feydeau continúa a empresa iniciada por Labiche e segue nun ton máis irónico un camiño semellante ao de Courteline. Os tres, cada un á súa maneira, debuxan un retrato moral, mais moi pouco burlón da común humanidade.

³ Georges Moineaux (1858-1929), chamado Courteline. As súas obras van con frecuencia do humor de cuartel ao humor de alcoba, dúas especialidades francesas ben coñecidas; non obstante, pode definirse este autor como un auténtico xenio da comicidade, tanto nos seus relatos como nas súas obras. Os pobres e perdedores falan o xusto e con corrección, mais o riso que provocan trasládanos a unha filosofía melancólica da existencia. O espectador pode gozar do dobre pracer dun estilo rico en descubrimentos e do seu don da observación, un recurso que lle outorga consistencia á mínima brincadeira.

a parodia e o sarcasmo de *Ubu-Roi* (1896) de Alfred Jarry. Entremetres, o público seguía interesado polo melodrama con certa mensaxe política e, sobre todo, pola novela de entregas que ocupaba todos os xornais do momento, a pesar das reticencias do réxime do Segundo Imperio que rexeitaba este tipo de espectáculos e obras propias da decadencia da monarquía de Xullo. Nesta última etapa do século, o xénero dramático comeza a súa diversificación coa aparición dos melodramas históricos, de costumes e aventuras que terán a súa continuidade no melodrama policial.

A creación dun novo teatro pasaba necesariamente pola emancipación da posta en escena, mais esta renovación tería que esperar á chegada doutros elementos fundamentais como a dición, o movemento e a iluminación de A. Antoine, o fundador do Teatro Libre (1887-1894). Anos despois, Henry Becque achega a tendencia naturalista que terá un grande éxito no século XX, seguido do realismo amargo de Jules Renard. Coa entrada en escena dos simbolistas e na súa ansia de introduciren todo tipo de elementos (danza, música e poesía) nacerá un traballo elaborado que elimina calquera trazo de academicismo. Mesmo o vodevil evoluciona cara á comedia de bulevar da *Belle Époque* que privilexiaba a emoción e as sensacións para dar como resultado un teatro visual. Mentres, o melodrama desembocaba no cinema, reino da ilusión visual, coa primeira película de Louis Lumière en 1895.

EUGÈNE LABICHE (1815-1888)

*J'ai beau faire, je ne peux pas prendre
l'homme au sérieux, il me semble n'avoir été crée que
pour amuser ceux qui le regardent d'une certaine façon.*

Autor dramático nacido en París o 5 de maio de 1815 e morto en xaneiro de 1888, fillo dun rico industrial. Labiche fixo os seus estudos secundarios no colexio de Bourbon, actual Lycée Condorcet,

e logo matriculouse na Facultade de Dereito. Xa sendo ben novo senti u a atracción pola literatura e aproveitou unha viaxe a Italia para enviar a un xornal parisino pequenas escenas e impresións familiares cheas de fantasía reunidas co título de *La Clef des champs* (1838, II vol.). En maio de 1835 comezaría a colaborar na *Revue de France*, onde aparecería publicado un primeiro relato: *Dans la vallée de Lauterbrunnenn* (1715), así como en *L'essor* onde daría a coñecer *Les plus belles sont les plus fausses*. Máis tarde continuará a súa actividade literaria en *La Revue du théâtre*, publicando artigos críticos e diferentes bocexos ou variedades, xunto con outros colegas como Auguste Lefranc, Marc-Michel, Albéric Second, Edouard Thierry, A. Seville, J. Belin e G. d'Avrigny. Nesta época, Labiche escribe unha novela, *Le bec dans l'eau*, que aparecerá publicada nesta revista.

A súa primeira obra dramática é a comedia *La Cuvette d'eau* (1837); mais o grande éxito non ha chegar ata o ano seguinte con *Monsieur de Coislin*, un vodevil ao cal lle seguirán unha mancha de pezas, a maioría escritas en colaboración con Marc-Michel, Émile Augier, Th. Barrière, Albert Monnier, Édouard Martin entre outros, e que se representarán no Palais Royal, na Comédie Française, no Gymnase ou no teatro de Variétés. Entre a súa abundante produción figuran unha serie de obras-mestras no xénero, como *Embrassons-nous*, *Folleville* (1850), *Un Chapeau de paille d'Italie* (1851), *Le Misanthrope et l'Auvergnat* (1852), *L'Affaire de la rue de Lourcine* (1860), *Le Voyage de M. Perrichon* (1860), *La Poudre aux yeux* (1861) e *La Cagnotte*. Todas elas son aptas para a lectura, como así o demostra o éxito acadado pola súa edición en 10 volumes no ano 1879 do *Théâtre* de Labiche, cun prefacio de Émile Augier.

Recibido na Academia Francesa o 28 de febreiro de 1880, na cadeira de De Sacy, Eugène Labiche, o autor máis ledo do século XIX, atoparíase na situación de ter que facer o solemne eloxio do maior impresentable dos críticos da literatura moderna, unha proba da que saíu bastante ben parado, segundo as súas propias palabras.

Mesmo despois de Feydeau, a súa creación segue permanecendo como a realización exemplar do vodevil que leva ata os límites do absurdo. Aínda que Labiche semelle certa incomodidade á hora de caracterizar os seus personaxes, o dramaturgo resulta absolutamente extraordinario nos momentos en que pode dar libre curso á súa expresión e á súa enerxía natural e, sobre todo, ao seu exquisito sentido do ridículo. As súas pezas agochan invencións divertidas, sorpresas e situacións imprevistas, que, con todo, manteñen unha perfecta impresión de naturalidade.

TESTEMUÑA DA ÉPOCA

No ano de nacemento deste autor dramático francés (1815) cae o I Imperio e prodúcese a Restauración da monarquía. Poucos anos despois, en 1830, cando o *Hernani* de V. Hugo monta un gran escándalo entre os intelectuais do país, xorde a Revolución de xullo⁴. Mentres Balzac escribe a súa novela *Eugénie Grandet*, o novo Labiche colabora con determinados xornais e recolle escenas de costumes e viaxes para un libro de relatos (*Études de diligence en Chérubin*, 1834) que confirman xa un verbo e unha acritude na súa expresión ben pouco comúns. Outro tanto podemos dicir dos seus primeiros artigos de cronista de teatro. A súa situación privilegiada entre bambolinas permitiulle colaborar e formarse no escenario⁵, de maneira que, cando comezou a ter éxito, a partir de 1850, xa tiña un estilo que fixo del un dos mellores representantes do teatro de bulevar francés. A súa obra é un vodevil renovado, onde o couplé permite o encadeamento das situacións, dando paso así a un texto menos superficial que no caso de Scribe e os seus epígonos. A regra principal para Labiche é conseguir o riso do

⁴ A que se deu en chamar “As tres Gloriosas”, facendo alusión aos tres días de loita que levaron a Louis-Philippe ao trono que mantería ata 1848.

⁵ Labiche fundou en 1838 unha sociedade xunto cos seus amigos: Lefranc e Marc-Michel, e con eles escribiría a maior parte das súas obras.

público, mais a súa observación satírica é real, mesmo baixo a suposta boa intención. Cómpre dicir que a época favorece este espírito, as revolucións políticas e o descontento social avanza de crise en crise⁶.

Labiche escribiu unhas 175 obras, moitas delas en colaboración. As primeiras (asinadas co pseudónimo de Paul Dandré) non son moi orixinais e recorren ao estereotipo. Aínda que esta etapa non sexa a máis brillante e de maior capacidade inventiva, o público agradece este tipo de comedia sen mensaxe e quizais por esta razón as máis coñecidas e representadas das súas obras datan na súa maioría da primeira parte da súa longa carreira⁷. Os seus éxitos, así como outras pezas menores, revividas por certos emprendedores curiosos, testemuñan o valor cómico e humano dun teatro pasado de moda (como case toda a produción da época, incluída a de Courteline e Feydeau, herdeiros de Labiche en certo modo), que resiste moi ben o efecto do distanciamento provocado pola evolución dos costumes.

A súa primeira e única novela, *La Clef des champs*, escrita en 1838, foi un auténtico fracaso. Tres anos máis tarde casaría con Adèle Hubert, prometendo deixar a literatura para sempre, mais non pasaría moito tempo ata que recomezase a súa tarefa de escritor teatral. En 1848, a revolución estala en París coa fin de botar abaixo os oito anos de goberno da monarquía de Louis-Philippe. Labiche enrólase na Garda Nacional⁸ para pasar ao compromiso político; presentándose ás eleccións lexislativas dun goberno provisional en que saíría derrotado. Daquela, escribe *Le Club champenois*,

⁶ Coa caída da monarquía aparecerá no escenario político un Bonaparte presidente da II República que someterá ao pobo á ditadura do II Imperio. Napoleón III permanecerá no poder ata 1869 coa proclamación dunha nova República (1870).

⁷ *Un garçon chez Véry* (1850), *Embrassons-nous*, *Folleville* (1850), *Un chapeau de paille d'Italie* (1851), *Si jamais je te pince* (1855), *Le voyage de M. Perrichon* (1860), *La station Champ-baudet* (1861), *Célimare le bien-aimé* (1863), *La cagnotte* (1864).

⁸ Unha especie de policía privada composta por homes de vinte a sesenta anos.

unha obra en que se burla da política coa que acada un gran éxito no mesmo ano en que Chateaubriand publica as *Mémoires d'outre-tombe*. Así e todo, son malos tempos para o teatro, as revoltas sociais impiden que se manteñan as portas abertas de non ser polo sostén do Estado. Musset e Dumas fillo tardarán dous anos en levaren á escena os *Caprices de Marianne* e *La Dame aux camélias*. Logo dun segundo fracaso con *Rue de l'homme-Armé, numéro 8 bis*, onde se critica a clase traballadora, Labiche decide reemprender a súa faceta vodevilista.

O seu primeiro éxito será *Un chapeau de paille d'Italie*, unha obra en que ninguén confía por se tratar dunha historia demasiado abstracta que acabará permanecendo no escenario máis de tres meses sen interrupción. Nese mesmo ano, o presidente Louis-Napoléon toma o poder cun golpe de estado. Un ano máis tarde, será nomeado emperador e adoptará o nome de Napoleón III. Estamos na época en que se celebra a exposición universal en París, Baudelaire dará a coñecer *Les Fleurs du mal* pouco tempo despois e, mentres, Labiche goza desta situación política e económica que ofrece certa estabilidade ás súas ganancias como autor dramático. As súas obras son cada vez máis complicadas e menos reais a pesar do éxito obtido coas historias simples, Labiche segue empeñado en representar na Comédie-Française e para iso terá que pasar aínda por moitos fracasos.

En 1860 consegue un grande éxito con *Le voyage de Monsieur Perrichon*, unha obra que condena un burgués pretensioso sen ir moito alá na crítica social. Victor Hugo fai entrega de *Les Misérables*, Musset traballa en *On ne badine pas avec l'amour* e Jules Verne desenvolve a súa imaxinación de fantasía con outra viaxe, a *Voyage au centre de la terre*. Por fin en 1862, Labiche e Martin representan na Comédie-Française unha obra en que levaban traballando moito tempo, *Moi*, e que non acadará o éxito esperado. A partir de 1867, Labiche proba coa opereta (Offenbach está de moda con *La Vie*

parisienne), un modelo de vodevil cantado que comeza a ter éxito e no que o autor non acaba de triunfar. Logo da desaparición do seu colaborador Marc-Michel, Labiche decide retirarse á vila de Sologne durante un ano, onde será alcalde ata que estale a guerra contra Prusia (1870); despois virá o armisticio, o período da Comuna (1871)⁹ e, por fin, a paz e a III República de Mac-Mahon. Labiche volverá a escribir un novo vodevil, *Les Trente Millions de Gladiator*, unha obra que tampouco obtén o éxito esperado. En 1876, *La Cigale chez les fourmis* aparece representada na Comédie-Française sen moito éxito e, logo do último fracaso en montar unha vez máis *Le voyage de Monsieur Perrichon*, Labiche decide deixar de escribir.

Daudet, Flaubert e Rimbaud preceden á expresión naturalista de Zola, que prepara as versións definitivas de *L'Assommoir* (1877) e *Germinal* (1885). Entrementres, o editor Calmann-Lévy decide editar as obras completas de Labiche en dez volumes (1878): das 173 pezas que escribiu ao longo da súa carreira de autor dramático, Labiche elimina máis de cincuenta, considerándoas indignas de figurar nestes volumes. Mestre dun xénero “menor”, o autor ingresará na Academia no ano 1880, retirándose de novo a Sologne tres anos despois para desaparecer aos 72 anos.

LIBERAR A HUMANIDADE POR MEDIO DO RISO

A publicación do seu *Théâtre complet*¹⁰ permítelle xa aos contemporáneos de Labiche facer diferentes retratos dun cómico que agacha un grande observador. Labiche está considerado como o mestre do riso. O movemento que rexe as súas obras, a fertilidade das súas invencións e a súa comicidade extravagante levaron a

⁹ Violentamente reprimida por Adolphe Thiers.

¹⁰ En 1878-1879, Labiche publicou, con prefacio de Émile Augier, os 10 volumes do seu *Théâtre complet* (Calmann-Lévy), volumes reimpresos durante máis de medio século. Labiche escolleu 57 pezas, a maioría recollidas na edición de Garnier Flammarion. A tradución que aquí se presenta parte deste texto: LABICHE, E. : *Théâtre*, Garnier Flammarion, París, 1979, 2 vol. (Vol II pp. 227-308). Cronoloxía, introdución e notas de Gilbert Gigaux.

Théophile Gautier a falar de Labiche como o autor que expresa no século XIX a lóxica do absurdo. Trátase, pois, dun gran cómico, e precisamente por esa razón, axiña pasaría a formar parte do canon literario como un gran autor de comedia¹¹. Porén, Labiche foi obxecto dun grande malentendido durante moito tempo e o propio Philippe Soupault, autor do primeiro ensaio moderno sobre o dramaturgo, asegura que Labiche fixo todo o posible por devolver “a moeda de cambio”, co fin de evitar que lle desen máis do que pedía.

Mestre do riso e moralista a un tempo, vodevilista xenial e pintor da sociedade burguesa do momento, Labiche debuxa con ilusión (e a miúdo con cruel vontade) a caricatura dos costumes dos seus contemporáneos e os resortes que fan que as persoas tomen determinadas decisións; aínda así, non se pode afirmar que Labiche sexa un pintor despiadado desde o principio ata o remate das súas obras. Non se poden comparar obras como *Célimare le bien-aimé*, *Le point de mire* ou *Le Prix Martin*, por exemplo, que son pezas realmente duras, cunha improvisación como *La dame aux jambes d'azur* ou unha loucura vodevilesca como *On demande des culottières*.

O mundo de Labiche, do mesmo xeito que o mundo de Balzac, é un mundo deformado pola visión do seu creador, un mundo que existe segundo as súas propias leis, un mundo auténtico, onde as personaxes non son caricaturas, senón máis ben retratos. Labiche soubo pintar os seus contemporáneos a través deles mesmos, cunha grande clarividencia, sen defectos e cunha exactitude que corroboran na actualidade os seus críticos, historiadores, cronistas e novelistas.

Labiche coñece moi ben os burgueses da súa época porque foi testemuña da súa evolución, da súa ascensión e dos seus éxitos. O autor, que procede tamén dunha familia burguesa e ben acomodada, soubo retratarse a si mesmo de xeito intelixente. Consciente dos

¹¹ Flaubert comparábo con Molière.

defectos da súa clase social, Labiche soubo ter o suficiente espírito crítico como para retratala con lucidez e co necesario distanciamento. Evitando emitir xuízos de valor, Labiche debuxa e perfila as súas personaxes con mestría, non acusa nin sentencia, e deixa o lector que decida por si mesmo, que sexa espectador e tire da representación as conclusións que considere oportunas.

O riso é un mecanismo, unha ferramenta que o dramaturgo utiliza para desarmar o espectador que pode verse reflectido nos seus personaxes e mesmo sentirse insultado. A axilidade da acción na escena impide que haxa tempo para reflexionar sobre a posibilidade de identificación, o movemento e o xogo dos actores agochan a crueldade dos diálogos.

Vodvilista de espírito, pero pintor lúcido, o primeiro protexe o segundo, impedindo que vaia alén das convencións. Tras a máscara do burlesco e cubertos por unha careta todos podemos dicir verdades, e Labiche fai que as súas personaxes xesticulen burlonamente para conseguir que o público esqueza a profunda burla que se acha detrás do seu discurso. Labiche non quere corrixir vicios, non é un autor moralista, sabe que esa non é a súa tarefa, sabe que ten que dicir o que ve, sen laios e sen tristeza, aínda que vexa horrores. Labiche non é moralista nin moralizante, nin na materia, nin no mecanismo que utilizan como recurso frecuente a comedia, a farsa ou o vodevil, formas literarias que se manteñen no tempo porque teñen ese modo particular de expresaren a verdade, sen falaren do verdadeiro, do bo ou do aconsellable. Desde o momento en que tentemos eliminar o que pode ter de cómico, calquera das obras de Labiche pode resultar un drama. A súa arte presenta un espello dos defectos, onde o espectador non consegue ver o seu reflexo. Trátase do triunfo do malentendido.

Sen ánimo de citar todas as súas obras, nin seguir a súa biografía con detalle, cómpre situar a carreira de Labiche e marcar as

diferentes etapas do autor para lle devolver a súa dimensión de pintor e testemuña do seu tempo. Para conseguilo, cómpre, pois, comezar por ser testemuña do propio Labiche. A súa primeira obra, *La cuvette d'eau*, é do ano 1837, *La clé* é a derradeira, e data de 1877. Entre estas dúas datas escribiu a maior parte do tempo en colaboración e conseguiu representar 173 pezas¹², unha cifra que, con todo, non resulta excepcional na época¹³: dous dramas e un drama-vodevil (obras de xuventude), unha “revista de fin de ano”, unha opereta bufa e tres óperas cómicas; as obras restantes son comedias, vaudevís, bocexos ou improvisacións, fantasías ou caprichos.

Labiche escribe tanto por necesidades profesionais como por gusto; de feito, unha grande parte desa produción foron encargos de directores ou actores, como mostra a súa escolla das 57 obras para levar a cabo a edición dos dez volumes do seu *Teatro completo*. Unha escolla quizais demasiado severa xa que moitas das obras que el definiu como pouco axeitadas para incorporar aos dez volumes hoxe en día poden ser consideradas máis que válidas e absolutamente recuperables da súa peneira. Trátase, pois, dun autor que soubo escribir o seu propio testamento e cómpre recoñecer que podemos atopar na súa selección o mellor da súa obra.

Desde 1837 ata 1843, Labiche escribe para diferentes revistas, mais non conservará ningún deses escritos nos 10 volumes. No ano 1842, data do seu casamento, a súa familia quere que abandone a literatura, mais Labiche seguirá escribindo ata chegar a ser un asiduo colaborador do teatro do Palais Royal (*Major Cravachon*). Das case corenta obras que escribe entre 1844 e 1850, só escollerá oito para formar parte dos 10 volumes da edición definitiva da súa produción teatral.

¹² Das 173 obras de Labiche, 159 apareceron impresas durante a súa vida. Das 14 inéditas, cinco apareceron nos Arquivos de Francia e foron publicadas en Gilardeau.

¹³ Para entender un pouco a súa situación a partir de 1848, habería que comparalo co lugar que pode ocupar hoxe en día un director ou un guionista cinematográfico importante.

A segunda época do dramaturgo comeza co triunfo de *Un chapeau de paille d'Italie* no teatro do Palais Royal, prototipo de vodevil de movemento que abre unha época feliz para o autor, un período que se corresponde co Segundo Imperio. Entre 1851 e 1860 (data en que se representa *Le voyage de Monsieur Perrichon*), Labiche produce 57 obras, mais só 20 pasarán aos 10 volumes do *Teatro completo*.

Esta última peza marca unha nova etapa na súa creación, é a súa primeira comedia de costumes que engade tamén a comedia de arquetipos. Perrichon acolle con agrado a chegada do poder de Luís Napoleón fronte á decadencia da Segunda República. Como un burgués que é, Labiche tamén sente a seguridade que lle outorga o poder desta clase social, mais a personaxe de Labiche non é unha simple caricatura. O autor observa as súas creacións desde dentro e desde fóra, e por iso precisamente, resultan naturais e convincentes á ollada do espectador. Cada unha das súas personaxes é absolutamente consecuente co seu carácter, e, á súa vez, son o resultado da súa propia fatalidade. As circunstancias demostran e revelan como son en realidade e o espectador sente que se trata dunha personaxe real, dun individuo real que sae ao escenario. Non se trata de representar un papel, senón dunha creación.

Logo, e ata finais de 1863, Labiche entrega 15 obras, dez das cales están recollidas no *Teatro completo*. Cómpre salientar *La poudre aux yeux* e *Célimare le bien-aimé* como as súas comedias máis crueis, pero reveladoras da honestidade do autor. No ano 64 Labiche escribe tres comedias máis que entrarán de cheo no seu testamento: *La Cagnotte*, *Moi* e *Le point de mire*. Entre 1871 e 1877 hai que acrecentar 17 obras, once das cales entraran na súa escolla. *La Grammaire* é unha das obras-mestras nun só acto, xunto con *Le plus heureux des trois* que conta a historia dun adulterio nun rexistro que se achega máis á comicidade que ao patético.

Durante os últimos anos da década dos setenta case todos os teatros de París permanecerán pechados, a Comuna correspóndese cunha interrupción da vida teatral durante un tempo que Labiche aproveita para entrar na política. Cando comeza a sentir que as cousas van mellor na capital, volve a París para a representación de *Lire bleu*, a primeira das 18 obras que lle quedan por crear, cinco das cales entrarán nos dez volumes. Logo de varios fracasos, Labiche anuncia que *La clé* será a derradeira. Canso e maior para recibir outro desgusto, o autor que obtivo tantos éxitos decide retirarse como autor e dedicarse á publicación das obras-testamento, que si virá acompañada de moi boas críticas e do recoñecemento público, ratificado en 1880 cando Labiche pase a formar parte da Academia.

NA PROCURA DO CÓMICO

Se temos en conta as 160 pezas coñecidas de Labiche, acharemos:

- Unha vintena de obras con diferentes subtítulos (a propósito de, capricho, monólogo, bocexo, improvisación, entretemento, etc.);
- Unha vintena de vodevís (a maioría dun acto)¹⁴;
- Unhas 70 comedias-vaudevís (43 nun acto)¹⁵;
- 20 comedias “mesturadas de cancións” ou “mesturadas de estrofas en verso” que podemos incluír na mesma categoría das comedias-vodevís¹⁶, aínda que cómpre indicar que o termo “vodevil” non aparece no subtítulo;
- 30 comedias co subtítulo de “comedia”¹⁷.

¹⁴ O último data de 1859.

¹⁵ Desde o principio da súa carreira (1839) ata 1869, se exceptuamos *Les trente millions de Gladiator* (1875), publicada sen cancións.

¹⁶ A última data de 1861.

¹⁷ Este termo aparece por primeira vez en 1859 (ano en que desaparece o subtítulo de “vodevil”) e pasará a ser exclusivo das súas obras desde 1870 ata a fin de 1877.

Que conclusións se poden tirar deste panorama? Evidentemente, a importancia do termo “comedia” (que aparece en 120 subtítulos dun total de 160), como froito natural da evolución xeral do gusto da época¹⁸, mais tamén como unha maneira de aplicar un certo contrapeso ao que tiña de negativo para o autor o propio termo vodevil, considerado un teatro fácil por tratarse dunha sucesión de escenas sen fío condutor na procura do efecto cómico sen autenticidade, cunha sobrecarga gratuíta de bufonaría, por veces vulgares. Non se trata de que Labiche evitase constantemente as trampas deste tipo de comicidade descontrolada, mais parece ser que as viviu como as limitacións propias dunha obra de encargo e das que soubo saír decontado¹⁹.

A comedia-vodevil ocupa un lugar importante (nas 3/5 partes das obras figura o termo comedia) e o termo vodevil non deixa de ser máis ca unha indicación formal relacionada coa presenza de estrofas cantadas a partir de música coñecida e supoñendo a existencia do texto dunha comedia. Cando se emprega só, o termo leva directamente a unha práctica da época, e se Labiche lle engade o de comedia, tampouco podemos dicir que se desmarque desta práctica. Hai pois certa ironía cando consideramos a Labiche como o mellor dos nosos vodevilistas, agás o feito de que esta expresión non define o vodevil da época, senón o xénero a que lle concedeu a súa pegada este autor.

Para captar o xénero Labiche, quizais sexa interesante analizar como compón e como escribe unha comedia. As personaxes de Labiche perduran na comedia porque carecen de autonomía. A súa creación ten o mesmo obxectivo que a comedia burguesa (describir

¹⁸ De feito, os historiadores do teatro indican en numerosas ocasións o desinterese do público polo vodevil a finais do Segundo Imperio, dato que pode explicar a desaparición deste subtítulo nas obras de Labiche a partir de 1869.

¹⁹ O mesmo Labiche está ben lonxe de condenar o xénero e, así, conserva tres pezas no seu *Teatro Completo*: *Frisette*, *Un jeune homme pressé* e *Les marquises de la Fourchette*. Tres pezas que non foron recollidas na edición de Robichez, que, non obstante, recupera *Voyage autour de ma marmite*.

desde un punto de vista moral un estado social); isto é, o uso consciente de todos os resortes do disimulo que o xénero elevado e nobre agocha baixo as apariencias do “natural” para poñer en relevo a comicidade. Trátase da tradición da comedia cómica, ou se se prefire, da farsa. Un antirrealismo voluntario que non xoga o xogo do teatro serio e formal.

Labiche é un caso particular e paradoxal na historia da literatura. A pesar de ser o autor dramático francés do século XIX máis representado e recoñecido pola súa capacidade de creación de diálogos e expresións “irresistibles”, a súa obra resulta de difícil clasificación. Trátase dunha especie de “mixto”, onde, por un lado, está a tradición da comedia burguesa, de natureza realista e, polo outro, a tradición da bufonaría gratuíta que a mediados do XIX se deu en chamar “vodevil” ou “opereta”²⁰. Máis Labiche non está especializado en ningunha delas en concreto, o autor creou unha terceira vía dramática que mestura (recorrendo ás dúas fórmulas que utiliza en diferentes graos) as intencións dun moralista co uso da esaxeración; pero, sobre todo, converte a esaxeración na manifestación escénica concreta das intencións dun moralista. A deformación cómica de Labiche (chamada “bufa”, logo “surrealista” e máis tarde “absurda”) é sempre “antinaturalista”: o dramaturgo teatraliza desde un punto de vista dun moralista do seu século, sen abandonar a referencia a toda a humanidade en xeral. Unha vía esta, que, por outra parte, se podería inscribir na tradición da farsa.

Se deixamos a un lado un pequeno número de obras de circunstancia e certos encargos feitos con rapidez (revistas, caprichos, etc.), podemos asegurar que Labiche foi un moralista porque a súa comicidade foi sempre acompañada dunha ollada crítica. O seu

²⁰ A diferenza entre as dúas ten que ver coa música. Offenbach (1819-1880), compositor francés de orixe alemá, tivo o seu propio teatro en París, *Les Bouffes Parisiens* (1885). O músico deixa unha obra trulculenta, rica en descubrimentos melódicos e moi alegre, que reflicte o espírito humorístico do Segundo Imperio. A súa derradeira obra póstuma son os *Contos de Hoffmann* (1881), unha ópera en que alcanza o cumio do realismo fantástico.

moralismo é contemporáneo, aparece en determinadas obras que non conseguiron demasiado éxito, como *Les Petites Mains*, *Les Petits Oiseaux* ou *La Cigale chez les fourmis* nunha clara alusión a La Fontaine (atrapado pola tentación pedagóxica, Labiche tamén goza dando leccións), pero a súa actitude procede máis da comedia de Scribe que da comedia clásica.

Na súa obra atopamos pezas de tese (fenómeno abondo común en calquera tipo de fantasía aparentemente bufa) cun moralismo implícito que non precisa demostración. Labiche contrúe a intriga a partir da oposición das súas personaxes: *Le Chevalier des Dames*, *Le Misanthrope et l'Auvergnat* ou *Doit-on le dire ?* Moitas das súas obras formulan a oposición entre os bos e os malos, entre razón e sen-razón, entre intelixencia e torpeza; pero, sobre todo, entre egoísmo e xenerosidade. Os xenerosos, os desinteresados, os altruístas e mesmo os sentimentais que cren nos valores do amor e da amizade son moito máis numerosos na súa obra do que se podería pensar nun primeiro momento (*Le voyage de Monsieur Perrichon*, *Les vivacités du Capitaine Tic*, *La Poudre aux yeux*, *Madame est trop belle...*).

O outro aspecto moralista, o máis interesante e o máis constante por outra parte, procede da ollada que presenta sobre o seu mundo contemporáneo e que ten un grande valor pola súa variedade. De feito, non só debuxa os burgueses, aínda que estes son os que acaparan máis tempo e resultan ser o obxecto crítico da súa obra. Labiche enfronta o mundo burgués co aristocrático (a nova aristocracia do Segundo Imperio), distingue os ricos burgueses (os que teñen un bo nivel de vida) dos pequenos burgueses, sen por iso esquecer os criados, empregados e militares, cunha precisión de detalles de costumes que permite identificar os diferentes tipos de comportamento social.

A dificultade do xénero de Labiche está na complexidade desta ollada. Todas as súas personaxes, exceptuando os máis xenero-

sos, están pillados pola mediocridade dos seus cálculos, atrapados nun comportamento típico, relativamente abstraído de calquera tipo de implicación individual. Os personaxes non padecen ningún tipo de crítica explícita, son figuras sen historia, son como son, e iso é o que produce o sorriso. Labiche non sente simpatía por eles, pero, sobre todo e o que é mais importante, non os xulga.

Daquela, Labiche é un cómico, un contista ou un crítico da sociedade do seu tempo? Estaremos actuando ben se lemos e representamos a Labiche como un autor crítico (como se fixo a partir da obra de Soupault) ou ben cómpre facer, se é que a expresión ten algún sentido, unha lectura simple e cómica do dramaturgo?

Na opinión de certos críticos como Pierre Voltz²¹, Labiche é as dous cousas a un tempo. En calquera caso, é bastante difícil manter a opinión de que o autor non era consciente da dimensión crítica da súa obra fronte aos seus personaxes e fronte á sociedade que representan. Como moralista, Labiche obedece a esa tendencia constante de poñer os seus personaxes ao servizo dunha moral. Como consecuencia deste feito, os mecanismos da intriga obedecen máis a unha vontade externa (a súa) que a unha lóxica interna. Labiche non se preocupa pola exactitude dos tempos da ficción, só conta o ritmo dos acontecementos. O espazo aparece delimitado polo decorado e representa o mundo social de referencia, pero, sobre todo, serve de soporte para o movemento dos personaxes onde as portas teñen un papel fundamental. O importante neste teatro está na calidade da invención das peripecias, mais a finalidade principal está en colocar os personaxes en situacións límite en que se poidan mostrar tal e como son.

O elemento que leva á acción atópase fóra, e en xeral é anterior ou externo á escena ao tempo que dá lugar a un relato de apertura (un monólogo dirixido directamente ao público). O móbil xira

²¹ «Le genre Labiche», *Europe*, 786, outubro 1994, pp. 69-80.

con frecuencia arredor da situación da célula familiar (o casamento, a noiva, os perigos do adulterio), a protección da amizade, a preocupación por gardar as apariencias, a relación entre pai e filla, e, xa menos común, a busca dun pai. Á marxe da célula familiar, xorde por veces o desexo, a condición de que o goce non represente ningún perigo, un tema que se relata de xeito clandestino a medida que se liberaliza a sociedade do momento. Outros temas son o horror do asasinato, o medo á desorde financeira, a irrupción do pasado... Exa de xeito máis simplificado, están as preocupacións por eliminar obstáculos, típico principio das obras con tema de persecución ou do tipo pesadelo tal e como *Un chapeau de paille d'Italie*.

Calquera destes elementos que levan á acción teñen en común o tema fundamental do personaxe (ou se se prefire, do destinatario): a busca do repouso, da paz e da tranquilidade. O personaxe ten dificultades para se conformar en individuo, ocupa o lugar de opositor a todo o que o poida alterar a súa estabilidade, opoñéndose non a un individuo en concreto, senón a calquera tipo de acontecemento novidoso que se presente. A principal característica do “estilo” de Labiche e do seu xénero é que as súas personaxes só teñen unha preocupación, permanecer inmóbiles, defenderse e facerlle fronte ás alteracións. Na urxencia, reaccionan con rapidez (frases curtas e multiplicacións de planos grazas ao á parte) e aínda que digan parvadas, só están obsesionados coa repetición sen ningún sentido do humor e sempre serios (feito que aumenta a comicidade involuntaria). O xénero de Labiche non é unha obra perfecta no sentido en que o primeiro movemento da acción non acade un efecto coordinado. As obras de Labiche fan que os elementos imprevistos actúen contra as personaxes inmóbiles que só buscan esa estabilidade.

Labiche é un comediante que ten inquiredanzas de moralista. Un moralista que utiliza con clara intencionalidade as esaxeracións máis increíbles sen por iso perder a preocupación pola autenticidade.

As súas personaxes semellan ser fantoches carentes de personalidade e, porén, non perden a súa característica principal: o feito de seren seres vivos, seres vivos que se desprazan polo escenario con axilidade como figuras que descoñecen a existencia do tempo. O paradoxo da obra de Labiche está aí, na mestura da inocente comicidade coa crítica social máis atroz.

OS COLABORADORES DE LABICHE

Labiche tivo uns 48 colaboradores, mais só catro foron verdadeiramente colaboradores directos: Alfred Delacour, Auguste Lefranc, Marc-Michel e Edouard Martin; os restantes son coñecidos polos historiadores do teatro, mais só se limitaron a daren algunha idea ou a forneceren dalgún guión a Labiche²².

Labiche escribe o *Chapeu de palla* en colaboración con Marc-Michel. Marc-Antoine-Amédée Michel, naceu en Marsella en 1812 ; logo de realizar os seus estudos en Aix-en-Provence, marchou a París, onde comezou escribindo poesía. Foi no barrio latino onde coñeceu a Labiche, como el colabora na *Revue du Théâtre*, no *Journal des Tribunaux* e en *Droit*. Nas súas últimas publicacións, redacta os informes dos correccionais que revelan xa un certo ton humorístico. Os ensaios deste autor son os dun observador e non os dun caricaturista. Daquela aproveitounos para enriquecer as obras en que colaborou con Labiche cun verbo chocalleiro, tanto nas situacións como no estilo. Foi un dos homes de teatro que saben e gozan escribindo, pensando nos actores e nos efectos que poden tirar deles e sobre todo do que poden expresar. Ademais das 48 obras que asinou xunto con Labiche (Lefranc era outro dos colaboradores frecuentes), Marc-Michel levou á escena unhas 50 comedias e dramas en colaboración con Lefranc só, mais tamén con Charles Varin,

²² Labiche só escribiu seis obras sen ningún tipo de colaboración: *Un jeune pressé*, *Un garçon de chez Véry*, *Le petit voyage*, *29 degrés à l'ombre*, *La lettre chargée*, *L'amour de l'art* e *Un coup de rasoir*.

P.-E. Dumanoir, Adolphe Jaime, Auguste Choler e o propio Etienne Brisebarre.

UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA

Comedia en cinco actos en prosa mesturada de estrofas a modo de coplas ou cancións de Eugène Labiche (1815-1888) e Marc-Michel (1812-1868), creada e representada por primeira vez en París no Teatro de la Montansier (antigo Teatro Palais-Royal) o 14 de agosto de 1851 e publicada polos irmáns Michel Lévy nese mesmo ano.

A obra comeza en casa de Fadinard, é o día da voda deste ren-deiro parisiño que vai casar coa filla do malencarado Nonancourt, propietario dun viveiro en Charentonneau. Félix, o criado de Fadinard, fala coa súa amiga Virginie, criada en casa dos Beauperthuis, mentres chega o primeiro convidado co seu agasallo, o xordo Vézinet, seguido de Fadinard que vén un pouco excitado: o seu cabalo acaba de comerlle un anaco do chapeu a unha dona descoñecida, que, por desgraza, pendurara dunha árbore no bosque de Vincennes. A dama, acompañada do seu galán, un apaixonado oficial, aparece para lle pedir que se desculpe. Nese momento irrompe na escena o cortexo e sucede a catástrofe: a dona do chapeu reconece a Virginie, a súa criada, e, temendo os comentarios, esíxelle a Fadinard que lle atope un chapeu semellante, o único xeito de evitar un drama conxugal. Aterrorizado polo oficial, Fadinard acepta a misión e comprométese a non dicirlle nada a Nonancourt. Os dous visitantes quedarán na súa casa esperando a restitución do chapeu (Acto I).

O segundo acto desenvólvese na tenda de Clara: Fadinard entra correndo e fala coa primeira chapeleira que aparece, que infelizmente, resulta ser unha antiga moza. Mentres, o cortexo, que pensa que está no Concello, despacha cun dependente estupefacto e

sorprende a Clara, a chapeleira, nos brazos de Fadinard. Evitan a ruptura por corrección. Mais Clara non ten na súa tenda o modelo de chapeu solicitado que acaba de vender a unha tal baronesa de Champigny. De novo saen precipitadamente (Acto II).

Atopámonos agora na casa da baronesa de Champigny, que organiza unha xornada musical en que vai ter como vedette o tenor italiano Nisnardi; nisto aparece un tal Fadinard, tímido e angustiado, xa casado por fin. O cortexo, convencido de que se dirixen ao restaurante, abalázanse sobre a cea disposta pola baronesa. Fadinard escríballe unha nota á baronesa para lle pedir o chapeu, mais a carta aínda non chegou, e a baronesa pensa que se trata do tenor que espera. Fadinard, que en principio está un pouco aturuxado, decide aproveitarse do malentendido, e mesmo cosegue facer pasar a Nonancourt, completamente bébedo, polo seu pianista, á vez que se entera por unha doncela que o chapeu era para unha tal señora de Beauperthuis. O público comprende agora todo o enredo, mais Fadinard, que ignora a identidade da dama que ten na casa, pensa que se atopa sobre unha nova pista. Logo dun intermedio musical traxicómico, todos volven saír unha vez máis (Acto III).

A seguinte escena ten lugar en casa de Beauperthuis, inqueda e enfadado pola ausencia da súa muller Anaïs. Beauperthuis ve aparecer a Fadinard moi irritado, que toma por un ladrón, detrás vén o cortexo que agora coida estar no domicilio conxugal. Nonancourt diríxelle á súa filla un sermón prenupcial. Mentres, Fadinard cóntalle toda a historia a Beauperthuis e ensínalle os restos do chapeu roído. Beauperthuis, que maldí a infiel Anaïs, descobre con asombro aos convidados do cortexo preparados para se deitaren. Agora volven saír en dirección á casa de Fadinard. Nonancourt está furioso e Beauperthuis ten intencións homicidas (Acto IV).

Diante da casa de Fadinard, Tardiveau, o empregado de Clara a chapeleira, está facendo garda co seu uniforme de soldado. Chove. O cortexo chega esgotado. Cada vez máis enfurecido. Nonancourt

in fórmase da presenza dunha “dama” na casa do seu xenro e, imaxinando que se trata dunha amante, comeza a recuperar os agasallos de voda, entre eles, como un milagre, aparece un dobre do chapeu, que logo das últimas peripecias acabará na cabeza de Anaïs (Acto V).

A ORIXE DO VODEVIL

O termo *vodevil* (un *vaudeville*) define unha peza cómica sinxela sen grandes pretensións. Etimoloxicamente procede de *vaude-vire*, canción de circunstancia; aínda que especialistas como Dauzat discuten esta etimoloxía afirmando que a procedencia da palabra está en *vau* (val) *de Vire* (*ville*, vila de Calvados), onde as cancións eran ben coñecidas no século XV. Para o estudoso, trátase dun composto de dous radicais verbais: *vander* (ir) e *virer* (xirar, virar) que co tempo perdería o sentido orixinal contaminándose con *ville*.

Na súa orixe (s XV) o termo designaba un poema de tipo humorístico acompañado de música, unha canción satírica. A partir do século XVII, as cancións deste tipo foron introducíndose nas comedias, e o vodevil pasou a ser un espectáculo onde alternaban cancións e diálogos. Nesta época, só os comediantes oficiais do Théâtre Français (hoxe a Comédie Française) podían presentar a comedia, os demais limitaban o seu repertorio aos textos escritos que por veces pasaban a ser cancións repetidas polo público. Cando se permitiu representar a comedia, as obras eran faladas e conservaban os anacos cantados. Trátase, pois, dun xénero simple e sen grandes pretensións literarias que non ten outra finalidade que a de divertir o público por medio de xogos de palabras nunca moi rebuscados. O termo adoptará o significado actual a partir do século XIX (mentres o teatro clásico queda reservado para as obras de Racine ou Corneille) en que aparece aplicado ás comedias lixeiras e populares, tal e como as que se representan nos grandes bulevares.

Esta canción popular e satírica cunha melodía doada de lembrar estendeuse a aquelas cancións novas que partían de cantareiros populares (*fredons* ou *timbres*). O lugar e o papel que ocupan as cancións vodevís nas comedias consiste nun xogo de cancións coñecidas (canción da rúa, e mesmo cancións de ópera transformadas en cantinelas populares) a partir das cales se adaptan as novas letras, con alteracións e desniveis por veces cómicos. A presenza do capricho nestas cancións de tema paródico e mesmo satírico acaba concedéndolle ao teatro unha dimensión específica de alegría desenfreada.

O teatro italiano de Gherardi (finais do século XVII) marcará a aparición do xénero dramático do vodevil (comedia mesturada de cancións), que perderá as estrofas a modo de coplas no século XIX. A música e o canto non só interveñen nos vodevís do teatro de fin de século. As pezas de Gherardi poden pasar por ser a primeira aparición das comedias arietas (comedias mesturadas de cancións orixinais, moi relacionadas coas comedias vodevís, e que constitúen o que na primeira parte do século XVIII se denominou ópera cómica), e mesmo pola primeira aparición da ópera cómica (no sentido moderno do xénero mixto que ten parte do drama lírico e da comedia, alternando canción e diálogos cantados). A variedade e a riqueza do teatro musical dos italianos marcará unha etapa fundamental entre a comedia-ballet molieresca e a moderna ópera cómica.

Durante o período da Revolución (1789-1799), o vodevil dispoñía xa de todos os temas e adoptou todos os tons posibles. Poderíamos afirmar que con respecto ao teatro en xeral, isto é, a todas as formas de expresión levadas á escena, o vodevil era o microcosmos dese grande macrocosmos dramático. Entre 1800 e 1830, e a pesar das limitacións impostas polo goberno, vendo que o xénero podía ir máis alá do debido, o vodevil coñecerá un éxito moi importante. O público desgastado e abatido polas guerras e as crises de todo tipo, derrotado polas grandes preocupacións do cotián, negábase a renunciar a esta forma de teatro que procura o deleite e a eva-

sión. Entremetres, os autores procuraban tirarlle o máximo partido a uns textos, algo simples de máis, grazas á calidade de interpretación de que dispoñían os actores na época.

Cando se pensa en vodevil, hai tres nomes que de seguido veñen ao noso maxín: Labiche, Feydeau e Courteline; mais entre o primeiro e estes dous últimos hai unha diferenza dunha xeración. En 1860 Labiche escribe *Le voyage de M. Perrichon*, Courteline acaba de nacer (1888) e Feydeau aínda non nacera. Labiche é un contemporáneo de Flaubert e os seus burgueses teñen moito que ver con Bouvard ou Pecuchet. Os directores que seguen montando as obras de Labiche na actualidade, como Georges Lavaudant (1993), recoñecen que non é a crítica da burguesía o que máis lles interesa neste dramaturgo, senón máis ben a capacidade de prolongar un soño ata o pesadelo. Segundo Lavaudant, *Un chapeau de paille d'Italie* é unha obra moi ben construída e moi ben escrita que permite unha grande liberdade espacial e temporal na escena, esta precipitación do movemento fai que todo se descolgue da realidade e descobre remuíños absurdos sen que iso signifique que se partise desta idea para montar a obra²³:

Parto de situacións reais que procuro tratar con sinceridade, sen caricatura e sen parodia. Normalmente, os tempos están xa indicados e non se poden eludir, por veces aparecen por si sós, como na música. A historia de Fadinard é unha historia que pode ser real, aínda que semelle absurda. Procuo seguir o heroe no seu periplo para que resulte máis sincero e menos absurdo, e o mellor de todo é que practicamente todos os personaxes poden resultar reais e convincentes.

UN VODEVIL DE TEMA RECORRENTE

Dado que *Un chapeau de paille d'Italie* é unha obra ambiciosa de cinco actos, o director do teatro Montansier non ten moita fe

²³ Cfr. Raymonde Temkine, «Vogue du vaudeville», *Europe*, 786, p.113.

nunha peza tan longa e decide programala para agosto. Era tan pouca cousa a ilusión que puxeran na estrea que nin sequera o propio Labiche estaba alí para ver a primeira representación, que non só gañaría a aceptación do público, senón que acadaría un éxito de tres meses seguidos de cartel, feito curioso cando menos para a época.

O *chapeu* foi acollida como unha obra-mestra nada máis rematar a súa primeira representación. Anos máis tarde, Claude Lévi-Strauss outorgaríalle o título de honra ao facer unha lectura da obra que definiría como “o desenvolvemento da metáfora de *Edipo rei* de Sófocles”. En efecto, o vodevil de Labiche consiste nunha busca progresiva ás costas do entorno que rodea a escena e que leva ao descubrimento dun obxecto ou dunha realidade agochados desde o principio da acción: un Tiresias cego na obra de Sófocles, un Vézinet xordo na de Labiche, os dous posúen a clave do problema e a súa resolución.

Outra relación posible desta obra e máis próxima ós nosos días é *Os tres Mosqueteiros* de Dumas (1844). O noso Fadinard-d’Artagnan multiplica as fazañas e proezas (introdúcese nos espazos prohibidos aos homes: na tenda da chapeleira (acto II), no vestidor da casa da baronesa (acto III) e sacrifica a súa respectabilidade burguesa aceptando pasar por un ladrón en casa de Beauperrhous (acto IV), non para salvar a reputación de Ana de Austria, senón a da frívola Anaïs.

Pero o auténtico heroe da obra é ese inasequible chapeu que vai dun lugar a outro e percorre unha boa parte da xeografía social da época. O chapeu permite poñer en contacto certos grupos que carecen de espazos comúns e que non adoitan mesturarse entre eles (nobres e pequenos burgueses, parisienses e provincianos). Os personaxes atribúenlle a esta diferenza social que se sucedan circunstancias estrañas, dado que os seus hábitos son completamente dife-

rentes, e procuran adaptarse ás mesmas sen formularen demasiadas preguntas. Esta cegueira, esta xordeira xeneralizada (Vézinet representa unha función emblemática na peza), que fan que se tome unha tenda dunha chapeleira por un salón dun Concello, unha casa particular por un restaurante, un rendeiro por un cantante italiano, etc. son os elementos que conforman o detonante do vodevil. Todo isto sucede nunha obra que, como en calquera propia do xénero, as reviravoltas e as alteracións do sentido común máis increíbles e delirantes aparecen sometidas a unha orde absolutamente normal nunha estrita e rigorosa intriga circular.

Tras a morte de Labiche, a obra será representada unha vez máis no teatro das Variétés, e resultará un fracaso. Logo permanecerá esquecida ata a súa reposición na Comédie Française en 1938 e en 1947. A posta en escena de Gaston Baty (que non contaba coa aprobación da crítica) resultará moi ben acollida polo público. O século XX concédelle, pois, unha nova oportunidade a este vodevil, que conforme van pasando os anos gaña o favor do público²⁴.

BIBLIOGRAFÍA

DE LABICHE

- LABICHE, Eugène (1896): *Théâtre complet*, préface d'Émile Augier, Calman-Lévy éditeur, antiga editorial Michel-Lévy Frères (1887), 10 volumes, París.
- (1896): *Un chapeau de paille d'Italie* (1851) en volume I de *Théâtre complet*, préface d'Émile Augier, Calman-Lévy éditeur, antiga editorial Michel-Lévy Frères, 10 volumes, París.
- (1979): *Théâtre*, chronologie, notices et notes par Gilbert Sigaux, Garnier-Flammarion, 2 volumes, París.

²⁴ Cómpre salientar as dúas montaxes de G. Lauvaudant en 1993: a primeira no Théâtre National Populaire de Villeurbanne, e a segunda en París no Théâtre de la Ville.

- (1966-68): *Oeuvres complètes*, prefacio de Marcel Achard, Club de l'honnête homme, 8 volumes, París.
- (1991): *Théâtre*, edición de Jacques Robichez, Robert Laffont, col. Bouquins, 2 volumes, París.
- (1990-92): *Théâtre*, edición de H. Gidel, Bordas, col. Classiques Garnier, 3 volumes, París.

SOBRE LABICHE:

- AUTRUSSEAU, Jaqueline (1971): *Labiche et son théâtre*, L'Arche, París.
- GILARDEAU, J. (1970): *Eugène Labiche, histoire d'une synthèse comique inespérée*, París.
- LACOUR, L. (1883): *Gaulois et Parisiens. Labiche, Meilhac et Halévy*, Calmann-Lévy.
- PARIGOT, H. (1893) *Le théâtre d'hier*, Lecène et Oudin.
- PRONKO, L.-C. (1982): *Eugène Labiche and Georges Feydeau*, Grove Press, Nova York.
- SARCEY, F. (1900-1002) *Quarante ans de théâtre*, vol. I e II, Librairie des Annales.
- SOUPAULT, P. (1964) *Eugène Labiche, sa vie, son oeuvre*, Mercure de France, París.
- ZOLA, E. (1881) *Nos auteurs dramatiques*, Le Cercle du Livre Précieux, vol. II, Charpentier.

UN CHAPEAU DE PAILLE D'ITALIE

**Comédie en cinq actes,
mêlée de couplets**

par Eugène Labiche et Marc-Michel

Représentée pour la première fois, à Paris,
sur le Théâtre du Palais-Royal, le 14 août 1851

UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA

Comedia en cinco actos en prosa,
acompañada de cuplés¹

Eugène Labiche e Marc-Michel

Representada por primeira vez en París
no Teatro do Palais-Royal o 14 de agosto de 1851

¹ O cuplé é unha estrofa de dous ou máis versos que forma parte dunha canción e que, por veces, constitúe unha canción en si mesma. No vodevil é moi frecuente atopar *couplets* que se intercalan no medio das escenas en prosa; aínda que non sempre de bo gusto, os contemporáneos de Labiche gozaban con este tipo de cancións. Os versos, creados para o momento, fan acompañados dunha música composta tamén para a circunstancia. A ópera cómica abandonou o texto, pero o vodevil mantivo as vellas melodías compostas ás veces para outras pezas e adaptou a letra á música. As cancións resistiron sempre moito máis que as propias obras e permaneceron como simples *couplets* relacionados ou non cos diálogos do argumento. O vodevil foi evolucionando deste xeito cara ás óperas cómicas.

ACTEURS qui ont créé les rôles :

Fadinard, rentier.....	M. Ravel
Nonancourt, pépiniériste	M. Grassot
Beauperthuis	M. Lhéritier
Vézinet, sourd	M. Amant
Tardiveau, teneur de livres.....	M. Kalekaire
Bodin, neveu de Nonancourt	M. Schey
Émile Tavernier, lieutenant.....	M. Valaire
Félix, domestique de Fadinard	M. Augustin
Achille de Rosalba, jeune lion	M. Lacourière
Hélène, fille de Nonancourt	Mlle Chauvière
Anaïs, femme de Beauperthuis	Mme Berger
La Baronne de Champigny	Mlle Pauline
Clara, modiste	Mlle Azimont
Virginie, bonne chez Beauperthuis	Mlle Gallois
Une femme de chambre de la Baronne	Mlle Chollet
Un Caporal.....	M. Floridor
Un domestique.....	M. Andrieux

Invités des deux sexes. Gens de la noce.

La scène est à Paris.

REPARTO:

FADINARD, rendeiro	M. Ravel
NONANCOURT, horticultor	M. Grassot
BEAUPERTHUIS	M. Lhéritier
VÉZINET, xordo	M. Amant
TARDIVEAU, contable	M. Kalekaire
BOBIN, sobriño de Nonancourt	M. Schey
ÉMILE TAVERNIER, tenente	M. Valaire
FÉLIX, criado de Fadinard	M. Augustin
ACHILLE DE ROSALBA, mozo afouto	M. Lacourière
HÉLÈNE, filla de Nonancourt	Mlle Chauvière
ANAÏS, muller de Beaupertuis	Mme Berger
A BARONESA DE CHAMPIGNY	Mlle Pauline
CLARA, modista	Mlle Azimont
VIRGINIE, criada dos Beaupertuis.....	Mlle Gallois
A DONCELA DA BARONESA	Mlle Chollet
O CABO ²	M. Floridor
UN CRIADO	M. Andrieux
CONVIDADOS DA VODA DE AMBOS OS DOUS SEXOS	

A acción transcorre en París.

² *Le Petit Caporal* era o nome que se lle daba a Napoleón I.

Acte I

(Chez Fadinard)

Un salon octogone – Au fond, porte à deux battants s'ouvrant sur la scène – Une porte dans chaque pan coupé – Deux portes aux premiers plans latéraux – A gauche, contre la cloison, une table avec tapis, sur laquelle est un plateau portant carafe, verre, sucrier – Chaises.

SCÈNE PREMIÈRE

VIRGINIE, FÉLIX

VIRGINIE, à Félix, qui cherche à l'embrasser – Non, laissez-moi, monsieur Félix !... Je n'ai pas le temps de jouer.

FÉLIX – Rien qu'un baiser ?

VIRGINIE – Je ne veux pas !...

FÉLIX – Puisque je suis de votre pays !... je suis de Rambouillet...

VIRGINIE – Ah ! ben ! s'il fallait embrasser tous ceux qui sont de Rambouillet !...

FÉLIX – Il n'y a que quatre mille habitants.

VIRGINIE – Il ne s'agit pas de ça... M. Fadinard, votre bourgeois, se marie aujourd'hui... vous m'avez invitée à venir voir la corbeille... voyons la corbeille !...

ACTO I

(En casa de Fadinard)

Un salón octogonal. Ao fondo, unha porta de dúas follas que dá ao escenario. Unha porta en cada esquina. Dúas portas nos primeiros planos laterais. Á esquerda, pegada ao tabique hai unha mesa cuberta por un tapete, sobre a mesa hai unha bandexa cunha xerra, un vaso e un azucreiro. Cadeiras.

ESCENA I

VIRGINIE E FÉLIX

VIRGINIE, *a Félix, que a quere bicar* – Non, arrede, señor Félix!...
Non teño tempo para andar a brincar.

FÉLIX – Nin sequera un biquiño?

VIRGINIE – Non quero!...

FÉLIX – E logo non somos da mesma terra?... Eu tamén son de
Rambouillet³...

VIRGINIE – Se houbese que bicar a todos os que son de
Rambouillet!... Andaríamos aviados!

FÉLIX – Pois non lle ten máis de catro mil habitantes.

VIRGINIE – Non se trata diso... O señor Fadinard, o seu amo, casa
hoxe... E vostede convidoume a ver o canistrel da voda⁴...
Así que... Veña ese canistrel!

³ Vila situada no oeste de París.

⁴ A *corbeille de mariage* é o canistrel onde se depositan os agasallos con que obsequia o noivo á noiva ou dos convidados ós noivos.

FÉLIX – Nous avons bien le temps... Mon maître est parti, hier soir, pour aller signer son contrat chez le beau-père... il ne revient qu'à onze heures, avec toute sa noce, pour aller à la mairie.

VIRGINIE – La mariée est-elle jolie ?

FÉLIX – Peuh !... je lui trouve l'air godiche ; mais elle est d'une bonne famille... c'est la fille d'un pépiniériste de Charentonneau... le père Nonancourt.

VIRGINIE – Dites donc, monsieur Félix... si vous entendez dire qu'elle ait besoin d'une femme de chambre... pensez à moi.

FÉLIX – Vous voulez donc quitter votre maître... M. Beauperthuis ?

VIRGINIE – Ne m'en parlez pas... c'est un acariâtre, premier numéro... Il est grognon, maussade, sournois, jaloux... et sa femme donc !... Certainement, je n'aime pas à dire du mal des maîtres...

FÉLIX – Oh ! non !...

VIRGINIE – Une chipie ! une bégueule, qui ne vaut pas mieux qu'une autre.

FÉLIX – Parbleu !

VIRGINIE – Dès que Monsieur part... crac ! elle part... et où va-t-elle?... elle ne me l'a jamais dit... jamais !...

FÉLIX – Oh ! vous ne pouvez pas rester dans cette maison-là.

VIRGINIE, *baissant les yeux* – Et puis, ça me ferait tant plaisir de servir avec quelqu'un de Rambouillet...

FÉLIX, *l'embrassant* – Seine-et-Oise !

FÉLIX – Temos tempo dabondo... O meu amo marchou onte á tardiña, para asinar o contrato na casa do seu sogro... Non chegará antes das once, para ir ao concello con todos os convidados.

VIRGINIE – E élle guapa a noiva?

FÉLIX – Pscha!... A min paréceme pouco espelida, pero é de boa familia... é a filla dun horticultor de Charentonneau... o tío Nonancourt.

VIRGINIE – Señor Félix... daquela, se lle oe dicir que precisa unha doncela... non se esqueza de min.

FÉLIX – Quere deixar o seu amo... O señor Beauperthuis?

VIRGINIE – Non me fale del... é un malencarado de primeira... Un rosmón, acedo, murmurador, receoso... e a súa muller aínda peor... Mais non me gusta falar mal dos meus amos...

FÉLIX – Non! Non! Xa!

VIRGINIE – Unha fachendosa! Unha beata que non vale un can!

FÉLIX – Arre demo!

VIRGINIE – Desque o señor sae... Plaf! Ela tamén colle a porta... E onde vai?... Aínda é hoxe o día que non o sei...

FÉLIX – Oh! Vostede non pode seguir nesa casa.

VIRGINIE, *baixando os ollos* – E ademais, gustariame tanto servir en cas de alguén de Rambouillet...

FÉLIX, *bicándoa* – De Seine-et-Oise⁵!

⁵ Antigo departamento do Bassin parisino (Versalles), que, dende 1964 deu lugar a outros tres novos departamentos: Essonne, Val d'Oise e Yvelines.

SCENE II

VIRGINIE, FÉLIX, VÉZINET

VÉZINET, *entrant par le fond ; il tient un carton à chapeau de femme* – Ne vous dérangez pas... c'est moi, l'oncle Vézinet... La noce est-elle arrivée ?

FÉLIX, *d'un air aimable* – Pas encore, aimable perruque !...

VIRGINIE, *bas* – Qu'est-ce que vous faites donc ?

FÉLIX – Il est sourd comme un pot... vous allez voir... (*A Vézinet.*)
Nous allons donc à la noce, joli jeune homme ?... Nous allons donc pincer un rigodon ?... Si ça ne fait pas pitié !... (*Il lui offre une chaise.*) Allez donc vous coucher !

VÉZINET – Merci, mon ami, merci !... J'ai d'abord cru que le rendez-vous était à la mairie ; mais j'ai appris que c'était ici ; alors, je suis venu ici.

FÉLIX – Oui ! M. de la Palisse est mort... est mort de maladie...

VÉZINET – Non pas à pied, en fiacre ! (*Remettant son carton à Virginie.*) Tenez, portez ça dans la chambre de la mariée... c'est mon cadeau de nocés... Prenez garde... c'est fragile.

VIRGINIE, *à part* – Je vais profiter de ça pour voir la corbeille... (*Saluant Vézinet.*) Adieu, amour de sourd !...

(*Elle entre à gauche, deuxième porte, avec le carton.*)

VÉZINET – Elle est gentille, cette petite... Eh ! eh ! ça fait plaisir de rencontrer un joli minois.

FÉLIX, *lui offrant une chaise* – Par exemple !... à votre âge !... ça va finir !... gros farceur, ça va finir !...

VÉZINET, *assis à gauche* – Merci !... (*A part.*) Il est très convenable, ce garçon...

ESCENA II

VIRGINIE, FÉLIX E VÉZINET

VÉZINET, *entrando polo fondo. Leva unha sombreireira na man* – Déixense estar!... son eu, o tío Vézinet... Aínda non chegou o cortexo?

FÉLIX, *con ton agradable* – Aínda non, antiguala!...

VIRGINIE, *en voz baixa* – Pero, que fai?

FÉLIX – Está xordo coma unha tapia... mire... (*A Vézinet*) Seica imos de voda, xeitoso rapaz?... Imos botar un rigodón⁶?... É ben digno de compaixón!... (*Achégalle unha cadeira*) Vaia deitarse!

VÉZINET – Grazas, meu amigo, graciñas!... Cría que a xuntanza era no concello, pero dixéronme que era aquí; así que, aquí estou.

FÉLIX – Si! O señor de la Palisse morreu... morreu de enfermidade...

VÉZINET – Non, a pé non, en carruaxe. (*Dándolle o paquete a Virginie*). Colla, leve isto ao cuarto da noiva... é o meu agasallo de voda... Teña tino... é fráxil.

VIRGINIE, *á parte* – Vou aproveitar a ocasión para ver o canistrel... (*Despedíndose de Vézinet.*) Adeus! Demo de xordo engaiolador! (*Sae co paquete pola segunda porta da esquerda.*)

VÉZINET – É ben xeitosa esta rapariga... Sempre é agradable contemplar unha cariña coma esa!

FÉLIX, *achegándolle unha cadeira* – Si! Si!... Barballoas! Aos teus anos!... Para o que lle queda!...

VÉZINET, *sentado á esquerda* – Grazas!... (*Á parte*) Que ben criado é este rapaz...

⁶ Danza e música alegre de orixe provenzal, de moda nos séculos XVII e XVIII.

SCENE III

VÉZINET, FADINARD, FÉLIX

FADINARD, *entrant par le fond et parlant à la cantonade* – Détez le cabriolet !... (En scène.) Ah ! voilà une aventure !... ça me coûte vingt francs, mais je ne les regrette pas... Félix!...

FÉLIX – Monsieur !...

FADINARD – Figure-toi...

FÉLIX – Monsieur arrive seul ?... et la noce de Monsieur ?...

FADINARD – Elle est en train de s'embarquer à Charentonneau... dans huit fiacres... J'ai pris les devants pour voir si rien ne cloche dans mon nid conjugal... Les tapissiers ont-ils fini ?... A-t-on apporté la corbeille, les cadeaux de noce ?...

FÉLIX, *indiquant la chambre du deuxième plan à gauche* – Oui, monsieur... tout est là dans la chambre...

FADINARD – Très bien !... Figure-toi que, parti ce matin à huit heures de Charentonneau...

VÉZINET, *à lui-même* – Mon neveu se fait bien attendre...

FADINARD, *apercevant Vézinet* – L'oncle Vézinet !... (A Félix.) Va-t'en !... j'ai mieux que toi !... (Félix se retire au fond ; commençant son récit.) Figurez-vous que, parti...

VÉZINET – Mon neveu, permettez-moi de vous féliciter... (Il cherche à embrasser Fadinard.)

FADINARD – Hein ?... quoi ?... Ah ! oui... (Ils s'embrassent. A part.) On s'embrasse énormément dans la famille de ma femme !... (Haut, reprenant le ton du récit.) Parti ce matin à huit heures de Charentonneau...

VÉZINET – Et la mariée ?...

FADINARD – Oui... elle me suit de loin... dans huit fiacres...(Reprenant.) Parti ce matin à huit heures de Charentonneau...

ESCENA III

VÉZINET, FADINARD E FÉLIX

FADINARD, *entrando polo fondo e falando entre bambolinas* – Desatade o cabriolé!... (*No escenario*) Ah! Que aventura!... custoume vinte e cinco francos, pero non os choro nada... Félix!...

FÉLIX – Señor!

FADINARD – Mira o que me pasou...

FÉLIX – O señor ven só?... E o cortexo do señor?...

FADINARD – Están saíndo de Charentonneau... veñen en oito carruaxes... Eu adianteime para ver se todo vai ben no meu niño conxugal... Remataron os tapiceiros?... Trouxeron o canistrel e os agasallos de voda?...

FÉLIX, *sinalandoo o cuarto en segundo plano á esquerda* – Si, señor... está todo aí no cuarto...

FADINARD – Moi ben!... Pois mira o que me pasou cando saía esta mañá ás oito de Charentonneau...

VÉZINET, *falando consigo mesmo* – O meu sobriño faise de rogar...

FADINARD, *mirando a Vénizet* – O tío Vénizet!... (*A Félix*) Lisca!... Teño mellor público ca ti!... (*Félix vaise cara ao fondo; Fadinard comeza o seu relato.*) Pois resulta que cando saía...

VÉZINET – Meu sobriño, deixa que che dea os parabéns... (*Vai cara a el para bicalo*)

FADINARD – Que?... Como?... Ah! si... (*Bícanse. Á parte*) Cantos bicos se dan na familia da miña prometida!... (*En alto, retomando o ton do relato*). Cando saía esta mañá ás oito de Charentonneau...

VÉZINET – E a noiva?...

FADINARD – Si, vén detrás miña... con oito carruaxes... (*Retomando*). Cando saía esta mañá ás oito de Charentonneau...

VÉZINET – Je viens d'apporter mon cadeau de nocces...

FADINARD, *lui serrant la main* – C'est gentil de votre part...
(*Reprenant son récit.*) J'étais dans mon cabriolet... je
traversais le bois de Vincennes... tout à coup je
m'aperçois que j'ai laissé tomber mon fouet...

VÉZINET – Mon neveu, ces sentiments vous honorent.

FADINARD – Quels sentiments !... Ah ! sapristi ! j'oublie toujours
qu'il est sourd !... ça ne fait rien... (*Continuant.*) Comme le
manche est en argent, j'arrête mon cheval et je
descends... A cent pas de là, je l'aperçois dans une touffe
d'orties... je me pique les doigts.

VÉZINET – J'en suis bien aise.

FADINARD – Merci !... je retourne... plus de cabriolet !... mon
cabriolet avait disparu !...

FÉLIX, redescendant – Monsieur a perdu son cabriolet ?...

FADINARD, à *Félix* – Monsieur Félix, je cause avec mon oncle qui
ne m'entend pas... Je vous prie de ne pas vous mêler de
ces épanchements de famille.

VÉZINET – Je dirai plus: les bons maris font les bonnes femmes.

FADINARD – Oui... turlututu !... ran plan plan !... Mon cabriolet avait
disparu... Je questionne, j'interroge... On me dit qu'il y en
a un d'arrêté au coin du bois... J'y cours, et qu'est-ce que
je trouve ?... Mon cheval en train de mâchonner une
espèce de bouchon de paille, orné de coquelicots... Je
m'approche... aussitôt une voix de femme part de l'allée
voisine, et s'écrie: "Ciel ! mon chapeau !..." Le bouchon de
paille était un chapeau !... Elle l'avait suspendu à un arbre,
tout en causant avec un militaire...

FÉLIX, à *part* – Ah ! ah ! c'est cocasse !...

FADINARD, à *Vézinet* – Entre nous, je crois que c'est une gaillarde..

VÉZINET – Trouxen o meu agasallo de voda...

FADINARD, *dándolle a man* – É moi amable da súa parte... (*retomando o relato*). Ía no meu cabriolé... atravesando o bosque de Vincennes... e, de súpeto, decateime de que deixara caer a miña fusta...

VÉZINET – Querido sobriño, eses sentimentos hónrante.

FADINARD – Que sentimentos?... Ah, claro! Sempre esquezo que está xordo!... Tanto ten... (*Segue.*) Como o mango é de prata, detiven o cabriolé e baixei... Estaba a cen pasos de alí, no medio dunhas ortigas... e ortiguei os dedos.

VÉZINET – Estase ben a gusto aquí.

FADINARD – Grazas!... Vírome para o outro lado... e o cabriolé xa non estaba... Desaparecera!...

FÉLIX – (*Volviendo*) O señor perdeu o seu cabriolé?...

FADINARD, *a Félix* – Señor Félix, falo co meu tío, que non me oe... Prégolle que non se meta en asuntos de familia.

VÉZINET – E diría máis: os bos casados son os que fan as boas mulleres.

FADINARD – Xa, xa... pois iso, dicía... Tutururú! Ran plan plan! O meu cabriolé desaparecera... Pregunto, interrogo... Dinme que hai un parado nun curruncha do bosque... Corro ata alí. E que vexo?... O meu cabalo rillando en algo semellante a un fardo de palla adornado con papoulas... Achégome... e nese mesmo intre escoito a voz dunha muller na corredeira do lado que berra: “Vállame Deus!... O meu chapeu!?” O fardo de palla era un chapeu!... Penduráao dunha árbore mentres conversaba cun militar...

FÉLIX, *á parte* – Ah! Ah! Isto si que ten graza!

FADINARD, *a Vézinet* – Así, entre nós, coído que é un pouco lixeireta...

⁷ *Ciel! Mon chapeau!*: xogo de palabras a partir de *Ciel! Mon mari!* expresión típica dos vodevis.

VÉZINET – Non, je suis de Chaillot... j'habite Chaillot.

FADINARD – Turlututu !... ran plan plan !...

VÉZINET – Près de la pompe à feu.

FADINARD – Oui, c'est convenu !... J'allais présenter mes excuses à cette dame et lui offrir de payer le dommage, lorsque ce militaire s'interpose... une espèce d'Africain rageur... Il commence par me traiter de petit criquet !... Sapristi !... la moutarde me monte au nez... et, ma foi, je l'appelle Benizoug-zoug !... Il s'élançe sur moi... je fais un bond... et je me trouve dans mon cabriolet... la secousse fait partir mon cheval... et me voilà !... Je n'ai eu que le temps de lui jeter une pièce de vingt francs pour le chapeau... ou de vingt sous !... car je ne suis pas fixé... Je verrai ça, ce soir, en faisant ma caisse... (*Tirant de sa poche un fragment de chapeau de paille, orné de coquelicots.*) Voilà la monnaie de ma pièce !...

VÉZINET, *prenant le morceau de chapeau et l'examinant* – La paille est belle !...

FADINARD – Oui, mais trop chère la botte !...

VÉZINET – Il faudrait chercher longtemps avant de trouver un chapeau pareil... j'en sais quelque chose.

FÉLIX, *qui s'est avancé et qui a pris le chapeau des mains de Vézinet* – Voyons...

FADINARD – Monsieur Félix, je vous prie de ne pas vous mêler à mes épanchements de famille...

FÉLIX – Mais, monsieur !...

FADINARD – Silence, maroufle !... comme dit l'ancien répertoire. (*Félix remonte.*)

VÉZINET – Non, eu son de Chaillot, vivo en Chaillot.

FADINARD – Pois iso Tuturutú!... Ran plan plan!...

VÉZINET – Perto da bomba de incendios⁸.

FADINARD – Si, vale, está claro!... Ía desculparme coa dama e propoñerlle de lle pagar o chapeu, cando se me atravesa o militar... Unha especie de africano rabioso⁹... Que comeza a chamarme mequetrefe. E meu Deus!... Encendéuseme o sangue... E abofé que lle dixen de todo... Daquela, quixo saltar sobre min... Pero eu, peguei un chouto... e atopéime de novo no meu cabriolé... coa sacudida, o cabalo botou a andar... e velaquí estou... Só me deu tempo a tirarlle unha moeda de vinte francos¹⁰ a cambio do chapeu... se cadra, era de vinte céntimos!... Non estou certo... Hei facer as contas esta noite, cando faga a caixa... (*Sacando do peto un anaco de chapeu de palla, decorado con papoulas*) E velaquí están as voltas!...

VÉZINET, *collendo o anaco do chapeu e examinándoo* – A palla é ben fermosa!

FADINARD – Si, fermosa si, pero algo cara de máis...

VÉZINET – Aínda habería que buscar para achar un chapeu semellante..., eu enténdolle algo diso.

FÉLIX, *que se adiantara e collera o chapeu das mans de Vézinet* – Deixe ver...

FADINARD – Señor Félix, prégolle que non se meta nos asuntos de familia...

FÉLIX – Pero, señor...

FADINARD – Cala, paspán..., como dicía o repertorio clásico¹¹.
(*Félix volve ao fondo.*)

⁸ Depósito de auga preto do Sena que abastecía varios barrios de París.

⁹ *Africain*: soldado pertencente ás tropas francesas destacadas en África.

¹⁰ *Un sou* son cinco céntimos; *20 sous*, un franco.

¹¹ Fai alusión ao repertorio clásico da comedia do século XVII (certos personaxes que aparecen nas pezas de Molière, por exemplo).

VÉZINET – Dites donc... à quelle heure va-t-on à la mairie ?

FADINARD – A onze heures !... onze heures !... (*Il montre avec ses doigts.*)

VÉZINET – On dînera tard... j'ai le temps d'aller prendre un riz au lait... vous permettrez ?... (*Il remonte.*)

FADINARD – Comment donc !... ça me fera extrêmement plaisir...

VÉZINET, *revenant à lui pour l'embrasser* – Adieu, mon neveu !...

FADINARD – Adieu, mon oncle... (*A Vézinet, qui cherche à l'embrasser.*) Hein ?... quoi ?... Ah ! oui... c'est un tic de famille. (*Se laissant embrasser.*) Là !... (*A part.*) Une fois marié, tu ne me pinceras pas souvent à jouer à ça... non... non...

VÉZINET – Et l'autre côté ?

FADINARD – C'est ce que je disais... "Et l'autre côté ?" (*Vézinet l'embrasse sur l'autre joue.*) Là...

ENSEMBLE

AIR: *Quand nous sommes si fatigués. (Représentants en vacances.*

ACTE Ier)

FADINARD

Adieu, caressant pot-au-feu !
 A ta déplorable manie
 Je compte me soustraire un peu,
 En revenant de la mairie.

VÉZINET – E logo, a que hora imos ao concello?

FADINARD – Ás oncel!... Once! (*indicándolle cos dedos.*)

VÉZINET – Imos xantar tarde... Dáme tempo de ir tomar un arroz con leite... Descúlpasme?... (*Vaise cara ao fondo*)

FADINARD – Dende logo... Con moito gusto...

VÉZINET, *volvendo atrás para bicalo* – Deica logo, meu sobriño!...

FADINARD – Adeus, meu tío... (*A Vézinet, que quere bicalo*) Que? Ah, si!... é unha teima de familia. (*Deixándose bicar.*) Vaia!... (*Á parte.*) Des que eu case, non me pillas noutra, non, non...

VÉZINET – E do outro lado, que?

FADINARD – Iso dicía eu... “E do outro lado, que?” (*Vézinet bicao na outra meixela.*) Vaia!

TODOS XUNTOS¹²

CANCIÓN: Cando estamos tan cansos

(Representantes de vacacións. ACTO I)

FADINARD

Adeus, tapia agarimosa,
Cando volva do concello
Librareime da túa odiosa
E deplorable teima de vello.

¹² Segundo o lugar que ocupa no texto, o cuplé pode clasificarse en: *couplet de situación*, relacionado co que está a pasar na escena; *couplet de circunstancia*, que pode tratarse dunha introdución a modo de entremés; *couplet de facture*, unha especie de declamación en que se relatan as explicacións que se consideran necesarias para aclarar o argumento da peza; *couplet d'ensemble* (todos os actores en coro), cancións que o autor introduce cando considera necesario animar a acción; o *couplet final* é o que serve de remate dunha peza, equivalente ao epílogo das comedias latinas.

VÉZINET

Adieu, je reviens, cher neveu,
 Avec la noce réunie,
 Vous embrasser encore un peu,
 Avant d'aller à la mairie.

Vézinet, sort par le fond. Félix entre à gauche, deuxième plan, en emportant le fragment de chapeau.

SCENE IV

FADINARD, *seul*

Enfin... dans une heure, je serai marié... je n'entendrai plus mon beau-père me crier à chaque instant: "Mon gendre, tout est rompu !..." Vous êtes-vous trouvé quelquefois en relations avec un porc-épic ? Tel est mon beau-père !... J'ai fait sa connaissance dans un omnibus... Son premier mot fut un coup de pied... J'allais lui répondre un coup de poing, quand un regard de sa fille me fit ouvrir la main... et je passai ses six gros sous au conducteur... Après ce service il ne tarda pas à m'avouer qu'il était pépiniériste à Charentonneau... Voyez comme l'amour rend ingénieux... Je lui dis: "Monsieur, vendez-vous de la graine de carottes ?" – Il me répondit: "Non, mais j'ai de bien beaux géraniums." Cette réponse fut un éclair. "Combien le pot ? – Quatre francs – Marchons !" – Arrivés chez lui, je choisis quatre pots (c'était justement la fête de mon portier), et je lui demande la main de sa fille – "Qui êtes-vous ? – J'ai vingt-deux francs de rente.. – Sortez ! – Par jour ! – Asseyez-

VÉZINET

Adeus, querido sobriño,
 Antes de ir ao concello,
 Vouche dar outro biquiño,
 Para voltar axiña co cortexo.

Vézinet sae polo fondo. Félix entra pola esquerda, segundo plano, levando o anaco de chapeu.

ESCENA IV

FADINARD, *só.*

Por fin... dentro dunha hora hei estar casado... e non hei volver a escoitar a cada momento os berros do meu sogro: “Acabouse, xenro!...” Tratastes algunha vez cun ourizo cacho? Así é o meu sogro!... Coñecino nun transporte público¹³. A primeira palabra que me deu foi unha patada... Ía contestarlle cun puñetazo, cando a mirada da súa filla me fixo abrir a man... e pasarlle as súas moedas ao condutor... Despois daquel favor, faltoulle tempo para me dicir que era horticultor en Charentonneau... Ben é certo que o amor fai a un enxeñoso... Escoitade. Pregunteille: “Señor, vende vostede semente de cenorias?” – El contestoume: “Non, pero teño uns fermosos xeranos”. E aquela resposta iluminoume. “E a como é cada testo? – A catro francos – Trato feito!” – Cando chegamos á súa casa, escollín catro (*cadra* *ben coa onomástica do meu porteiro*), e pedinlle a man da súa filla – “Quen é vostede?” – Gaño vinte e dous francos de renda... – Saia da miña casa! – Ao día! – Daquela sente!” Decatádesvos

¹³ No orixinal *omnibus*; quizais para a época habería que pensar nun coche de liña ou nun transporte público de viaxeiros a modo dilixencia de cabalos.

vous donc ! ” Admirez-vous la laideur de son caractère ! A partir de ce moment, je fus admis à partager sa soupe aux choux en compagnie du cousin Bobin, un grand dadais qui a la manie d’embrasser tout le monde... surtout ma femme... On me répond à ça: “Bah ! ils ont été élevés ensemble ! Ce n’est pas une raison... Et une fois marié... Marié !!! (*Au public.*) Etes-vous comme moi ?... Ce mot me met une fourmi à chaque pointe de cheveu... Il n’y a pas à dire... dans une heure, je le serai... (*Vivement.*) marié !... J’aurai une petite femme à moi tout seul !... et je pourrai l’embrasser sans que le porc-épic que vous savez me crie: “Monsieur, on ne marche pas dans les plates-bandes ! ” Pauvre petite femme !... (*Au public.*) Eh bien, je crois que je lui serai fidèle... parole d’honneur !... Non ?... Oh ! que si !... Elle est si gentille, mon Hélène !... sous sa couronne de mariée !...

AIR du *Serment*

Connaissez-vous dans Barcelone,
 Dans Barcelone !
 Une Andalouse au teint bruni,
 Au noir sourcil ?
 Eh bien, ce portrait de lionne,
 Ce portrait de fière amazone,
 A l’oeil hardi
 Trop dégourdi...
 N’est pas du tout celui de ma houri,
 Non, Dieu merci !
 Et c’est heureux pour un futur mari.

do desagradable que é o seu carácter! Dende ese momento, fun admitido a compartir o seu caldo de repolo na compañía do curmán Bobin, un pasmón que ten a teima de bicar a todo o mundo... sobre todo á miña muller... Eles din que “non ten importancia, que se criaron xuntos.” Pero esa non é unha razón... Cando estea casado... Casado! (*Dirixíndose ao público*) Vós sodes coma min?... O termo arrepiáme... Está todo ben atado, non hai nada máis que falar... dentro dunha hora, estarei... (*Con enerxía.*) Casado! Terei unha muller-ciña para min só!... e poderei bicala sen que ese ourizo cacho de que vós falei me berre: “Señor, non se tome tantas liberdades¹⁴!” A miña pobre!... (*Ao público*) Creo que lle vou ser fiel... Palabra de honra!... Que non?... Oh, claro que si!... É tan boiña, a miña Hélène... Coa súa coroa de noiva...

CANCIÓN DO XURAMENTO.¹⁵

Coñecedes en Barcelona,
 En Barcelona!
 Unha andaluza, de morena faciana
 É negra pestana?
 Pois ese retrato de leona,
 Ese retrato de brava amazona,
 Coa ollada de xitana,
 Nada ten de samaritana...
 Nada ten que ver co da miña dona,
 E de moi boa gana
 Vou ser o marido dunha que non me engana.

¹⁴ Tomar decisións sen ter en conta os dereitos de alguén: *marcher sur les plates-bandes de quelqu'un*.

¹⁵ O termo *couplet* no teatro actual serve para identificar un parágrafo pronunciado por un actor entre dúas réplicas e sen interrupción, sexa verso ou prosa, trátase de comedia musicada, ou de calquera outro tipo de obra dramática. Nesta obra pódense atopar trazos das vellas cancións escritas para outras pezas e recuperadas por Labiche, como, por exemplo, *La Tentation de saint Antoine* de Sedaine, os *couplets* improvisados en *Au veau qui tette* de Brazier, etc. Hai *couplets* para todas as circunstancias da vida: casamentos, bautizos, festa da nai...

Une rose... avec une couronne d'oranger... telle est la lithographie de mon Hélène !... Je lui ai fait arranger un appartement délicieux... Ici, ça n'est déjà pas mal... (*Indiquant la gauche.*) Mais par là, c'est délicieux... un paradis en palissandre... avec des rideaux chamois... C'est cher, mais c'est joli ; un mobilier de lune de miel !... Ah ! je voudrais qu'il fût minuit un quart !... On monte !... c'est elle et son cortège !... Voilà les fourmis !... En veux-tu, des fourmis ?...

SCENE V

ANAÏS, FADINARD, ÉMILE, *EN COSTUME D'OFFICIER*

La porte s'ouvre ; on voit en dehors une dame sans chapeau et un officier.

ANAÏS, à *Émile* – Non, monsieur Émile... je vous en prie...

ÉMILE – Entrez, madame, ne craignez rien. (*Ils entrent.*)

FADINARD, à part – La dame au chapeau et son Africain !... Sapristi !

ANAÏS, *troublée* – Émile, pas de scandale !

ÉMILE – Soyez tranquille !... je suis votre cavalier... (*A Fadinard.*) Vous ne comptiez pas nous revoir si tôt, monsieur ?...

FADINARD, *avec un sourire forcé* – Certainement... votre visite me flatte beaucoup... mais j'avoue qu'en ce moment... (*A part.*) Qu'est-ce qu'ils me veulent ?...

ÉMILE, *brusquement* – Offrez donc un siège à Madame.

FADINARD, *avançant un fauteuil* – Ah ! pardon... Madame désire s'asseoir ?... je ne savais pas... (*A part.*) Et ma noce que j'attends... (*Anaïs s'assoit.*)

Unha rosa... cunha coroa de laranxeira... Así é a litografía da miña Hélène!... Mandeí amañar un cuarto acolledor... Aquí non se está mal... (*Sinalando a esquerda.*) Pero daquela parte é moito máis agradable... un paraíso de palisandro¹⁶... con cortinas amarelas de gamuza... É caro, pero fermoso; un mobiliario de lú de mell!... Ah, como me gustaría que fosen xa as doce e cuarto da noite!... Están subindo!... É ela co seu cortexo!... Xa están aquí esas lesmas! Non sentides un formigo no corpo!...

ESCENA V

ANAÏS, FADINARD, ÉMILE, *VESTIDO DE MILITAR.*

Ábrese a porta; fóra vese unha dona descuberta¹⁷ e un oficial.

ANAÏS, *a Émile* – Non, señor Émile... prégonlle...

ÉMILE – Entre, miña señora, non tema cousa. (*Entran*)

FADINARD, *á parte* – A dona do chapeu e o seu africano!... Meu Deus!

ANAÏS, *confusa* – Émile, nada de escándalos!

ÉMILE – Estea tranquila... Son o seu cabaleiro... (*A Fadinard.*) Non contaba vostede con volver a vernos tan pronto, señor?...

FADINARD, *cun sorriso forzado* – Realmente... Compráceme moito a súa visita... mais confeso que neste momento... (*Á parte.*) Que quererán de min?...

ÉMILE, *bruscamente* – Ofrézalle unha cadeira á señora!

FADINARD, *achegando unha cadeira de brazos* – Ah! perdón... A señora quere sentar?... non sabía... (*Á parte.*) E eu esperando o meu cortexo... (*Anaïs senta.*)

¹⁶ Madeira exótica perfumada, de cor violacea, mesturada con negro e amarelo, que procede da Guaiana.

¹⁷ Non leva chapeu.

ÉMILE, *s'asseyant à droite* – Vous avez un cheval qui marche bien, monsieur.

FADINARD – Pas mal... Vous êtes bien bon... Est-ce que vous l'avez suivi à pied ?

ÉMILE – Du tout, monsieur: j'ai fait monter mon brosseur derrière votre voiture...

FADINARD – Ah ! bah !... Si j'avais su !... (*A part.*) J'avais mon fouet...

ÉMILE, *durement* – Si vous aviez su ?

FADINARD – Je l'aurais prié de monter dedans... (*A part.*) Ah ! mais... il m'agace, l'Africain !

ANAÏS – Émile, le temps se passe, abrégeons cette visite.

FADINARD – Je suis tout à fait de l'avis de Madame... abrégeons... (*A part.*) J'attends ma noce.

ÉMILE – Monsieur, vous auriez grand besoin de quelques leçons de savoir-vivre.

FADINARD, *offensé* – Lieutenant ! (*Émile se lève. Plus calme.*) J'ai fait mes classes.

ÉMILE – Vous nous avez quittés fort impoliment dans le bois de Vincennes.

FADINARD – J'étais pressé.

ÉMILE – Et vous avez laissé tomber par mégarde, sans doute... cette petite pièce de monnaie...

FADINARD, *la prenant* – Vingt sous !... tiens ! c'était vingt sous !... Eh bien, je m'en doutais... (*Fouillant à sa poche.*) C'est une erreur... je suis fâché que vous ayez pris la peine... (*Lui offrant une pièce d'or.*) Voilà !

ÉMILE, *sans la prendre* – Qu'est-ce que c'est que ça ?

FADINARD – Vingt francs, pour le chapeau...

ÉMILE, *avec colère* – Monsieur !...

ANAÏS, *se levant* – Émile !

ÉMILE, *sentando á súa dereita* – Ten un cabalo ben áxil, señor.

FADINARD – Non está mal... Vostede tamén ... Seguirono a pé?

ÉMILE – Era o que faltaba. Ordenei ao meu criado que subise na traseira do seu cabriolé...

FADINARD – Ah! Vaia!... Se o chego a saber... (*Á parte.*) Tiña a miña fusta...

ÉMILE, *con dureza* – Se o chega a saber?...

FADINARD – Diríalle que montase diante... (*Á parte*) Ah! Como... me amola este africano!...

ANAÏS – Émile, é tarde, abreviemos esta visita.

FADINARD – Estou completamente de acordo coa señora... abreviemos... (*Á parte*) Espero o meu cortexo.

ÉMILE – Señor, coido que lle faltan algunhas noicións de comportamento.

FADINARD, *ofendido* – Tenente! (*Émile érguese. Máis tranquilo.*) Xa fixen o servizo militar.

ÉMILE – Abandonounos no bosque de Vincennes, dun xeito moi pouco correcto.

FADINARD – Tiña présa.

ÉMILE – E sen se decatar, deixou caer esta pequena moeda...

FADINARD, *colléndoa* – Vinte céntimos!... Mira ti! Eran vinte céntimos!... Non estaba certo... (*Buscando no seu peto.*) Foi un erro... Lamento que se tomasen tantas molestias... (*Dándolle unha moeda de ouro.*) Aquí ten!

ÉMILE, *sen collela* – Que é iso?

FADINARD – Vinte francos, polo chapeu...

ÉMILE, *moi enfadado* – Señor!...

ANAÏS, *erguéndose* – Émile!

ÉMILE – C'est juste ! j'ai promis à Madame de rester calme

FADINARD, fouillant de nouveau à sa poche – J'ai cru que c'était le prix... Est-ce trois francs de plus ?... Je ne suis pas à ça près

ÉMILE – Il ne s'agit pas de ça, monsieur... Nous ne sommes pas venus ici pour réclamer de l'argent.

FADINARD, *très étonné* – Non ?... Eh bien... mais alors... quoi ?

ÉMILE – Des excuses, d'abord, monsieur... des excuses à Madame.

FADINARD – Des excuses, moi ?...

ANAÏS – C'est inutile, je vous dispense...

ÉMILE – Du tout, madame ; je suis votre cavalier...

VÉZINET – Isto é ben bonito... (*Sinalando o mostrador.*) Velaí está o pretorio²⁶. (*Sinalando o libro.*) O rexistro civil... onde todos imos asinar.

BOBIN – E os que non saben?

NONANCOURT – Que fagan unha cruz (*Mirando a cabeza de cartón.*) Mira! Un busto de muller!... Bah! Non se lle parece nada!

BOBIN – Non... O de Charentonneau é moito mellor.

HÉLÈNE – Papá, que me van facer?

NONANCOURT – Nada, filliña, nada... só tes que dicir si, baixando os ollos... e todo terá rematado.

BOBIN – Todo terá rematado!... Ah!... (*Pasándolle o mirto a Vézinet.*) Colle, dáme gana de chorar...

²⁶ Pretorio: rexistro do estado civil.

VÉZINET, *qui s'apprêtait à se moucher* – Avec plaisir... (*A part.*) Diable ! c'est que, moi, j'ai envie de me moucher. (*Remettant le myrte à Nonancourt.*) Tenez, père Nonancourt.

NONANCOURT – Merci ! (*A part.*) Si j'avais su, je l'aurais laissé dans le fiacre.

SCENE IV

LES MÊMES, TARDIVEAU

TARDIVEAU, *rentrant tout essoufflé, entre dans le comptoir* – Dieu ! que j'ai chaud ! (*Il pose sur le comptoir des écharpes tricolores.*) Ma chemise est trempée !

NONANCOURT, *apercevant Tardiveau et les écharpes* – Hum ! voici M. le maire avec son écharpe... gardez vos gants.

BOBIN, *bas* – Mon oncle, j'en ai perdu un...

NONANCOURT – Mets ta main dans ta poche. (*Bobin met la main gantée dans sa poche.*) Pas celle-là, imbécile. (*Il les met toutes les deux. Tardiveau a pris un gilet de flanelle sous le comptoir.*)

TARDIVEAU, *à part* – Enfin, je vais pouvoir changer !

NONANCOURT *prend Hélène par la main et la présente à Tardiveau* – Monsieur, voici la mariée... (*Bas.*) Salue ! (*Hélène fait plusieurs révérences.*)

TARDIVEAU, *cachant vivement son gilet de flanelle et à part* – Qu'est-ce que c'est que ça ?

NONANCOURT – C'est ma fille.

BOBIN – Ma cousine...

NONANCOURT – Je suis son père...

BOBIN – Je suis son cousin.

NONANCOURT – Et voilà nos parents. (*Aux autres.*) Saluez ! (*Toute la noce salue.*)

VÉZINET, *que ía sonarse* – Faltaría máis... (*Á parte.*) Demo! Eu tamén teño gana. (*Pasándolle o mirto a Nonancourt.*) Colla, tío Nonancourt.

NONANCOURT – Grazas! (*Á parte.*) Se o sei, déixoo na carruaxe.

ESCENA IV

OS MESMOS, TARDIVEAU

TARDIVEAU, *entra abafado e vai para detrás do mostrador* – Deus! Que calor teño! (*Pousa enriba do mostrador unhas fitas de cores.*) Teño a camisa enchoupada!

NONANCOURT, *vendo a Tardiveau e as fitas que trae* – Hum! Velaquí está o señor alcalde coa súa banda... Que ninguén saque as luvas.

BOBIN, *en voz baixa* – Tío, eu xa perdín unha...

NONANCOURT – Mete a man no peto. (*Bobin mete a man enlavadada no peto.*) Esa non, parvo. (*Mete as dúas. Tardiveau colle un chaleco de flanela debaixo do mostrador.*)

TARDIVEAU, *á parte*. Por fin! Voume poder mudar!

NONANCOURT, *colle a Hélène da man e preséntalla a Tardiveau* – Señor, esta é a noiva... (*En voz baixa.*) Saúda! (*Hélène fai varias reverencias.*)

TARDIVEAU, *agochando rapidamente o seu chaleco e á parte* – Desculpe, que di?

NONANCOURT – É a miña filla.

BOBIN – A miña curmá...

NONANCOURT – Son o seu pai...

BOBIN – E eu o seu curmán.

NONANCOURT – Estes son os nosos parentes. (*Aos outros.*) Saudade! (*Todo o cortexo saúda.*)

TARDIVEAU, *rend des saluts à droite et à gauche, à part* – Ils sont très polis... mais ils vont m'empêcher de changer.

NONANCOURT – Voulez-vous commencer par prendre les noms ?
(Il pose son myrte sur le comptoir.)

TARDIVEAU – Volontiers. (*Il ouvre le grand livre et dit à part.*) C'est une noce de campagne qui vient faire des emplettes.

NONANCOURT – Y êtes-vous ? (*Dictant.*) Antoine, Petit-Pierre...

TARDIVEAU – Les prénoms sont inutiles

NONANCOURT – Ah ! (*Aux gens de la noce.*) A Charentonneau, on les demande.

TARDIVEAU – Dépêchons-nous, monsieur... j'ai extrêmement chaud.

NONANCOURT – Oui. (*Dictant.*) Antoine Voiture, Petit-Pierre, dit Nonancourt. (*S'interrompant.*) Cristi !... Pardonnez à mon émotion... j'ai un soulier qui me blesse... (*Ouvrant ses bras à Hélène.*) Ah ! ma fille...

HÉLÈNE – Ah ! papa, ça me pique toujours.

TARDIVEAU – Monsieur, ne perdons pas de temps. (*A part.*) Bien sûr je vais attraper une pleurésie. Votre adresse ?

NONANCOURT – Citoyen majeur.

TARDIVEAU – Où demeurez-vous donc ?

NONANCOURT – Pépiniériste.

BOBIN – Membre de la société d'horticulture de Syracuse.

TARDIVEAU – Mais c'est inutile !

NONANCOURT – Né à Grosbois, le 7 décembre, nonante-huit.

TARDIVEAU, *devolve o saúdo a un lado e ao outro, á parte* – Sonche ben educados... pero non me van deixar mudar.

NONANCOURT – Quere comezar por anotar os nomes? (*Pousa o mirto no mostrador.*)

TARDIVEAU – Dende logo. (*Abre o gran libro e di, á parte.*) Debe ser un cortexo que vén do campo para facer as compras á cidade.

NONANCOURT – Está vostede preparado? (*Ditando.*) Antoine, Petit-Pierre...

TARDIVEAU – Non, dígame só os apelidos.

NONANCOURT – Ah! (*Aos convidados.*) En Charentonneau si o preguntan.

TARDIVEAU – Abreviemos, señor..., teño moita calor.

NONANCOURT – Si... (*Ditando.*) Antoine Voiture, Petit-Pierre, alcumado Nonancourt. (*Interrompéndose.*) Contra!... Desculpe a miña reacción!... levo un zapato que me manca... (*Abrindo os seus brazos a Hélène.*) Ah! miña filliña...

HÉLÈNE – Ah! papá sigo tendo o pincho.

TARDIVEAU – Señor, non perdamos máis tempo. (*Á parte.*) Desta si que vou coller unha pulmonía. O seu enderezo?

NONANCOURT – Maior de idade.

TARDIVEAU – Pero, onde vive?

NONANCOURT – Horticultor.

BOBIN – Membro da Sociedade de Horticultores de Siracusa²⁷.

TARDIVEAU – Non é necesario!

NONANCOURT – Nacido en Grosbois, o sete de decembro do noventa e oito.

²⁷ Porto italiano (Sicilia) que tivo unha grande influencia sobre as cidades gregas da Italia meridional ata que foi conquistada polos romanos na Segunda Guerra Púnica.

TARDIVEAU – En voilà assez ! Je ne vous demande pas votre biographie !

NONANCOURT – J'ai fini... (*A part.*) Il est caustique, ce maire. (*A Vézinet.*) A vous. (*Vézinet ne bouge pas.*)

BOBIN, *le poussant* – A vous !

VÉZINET, *s'avance majestueusement près du comptoir* – Monsieur, avant d'accepter la mission de témoin...

TARDIVEAU – Pardon...

VÉZINET, *continuant* – Je me suis pénétré de mes devoirs.

NONANCOURT, *à part* – Où diable est passé mon gendre ?

VÉZINET – Il m'a paru qu'un témoin devait réunir trois qualités...

TARDIVEAU – Mais, monsieur...

VÉZINET – La première...

BOBIN, *entr'ouvrant la porte de droite, deuxième plan* – Ah ! mon oncle ! venez voir.

NONANCOURT – Quoi donc ?... (*Regardant et poussant un cri.*)
Nom d'un pépin ! ! !... Mon gendre qui embrasse une femme...

TOUS – Oh ! (*Rumeur dans la noce.*)

BOBIN – Le polisson !

HÉLÈNE – C'est affreux !

NONANCOURT – Le jour de ses noces !

VÉZINET, *qui n'a rien entendu, à Tardiveau* – La seconde est d'être Français... ou tout au moins naturalisé.

NONANCOURT, *à Tardiveau* – Arrêtez !... Ça n'ira pas plus loin !...
Je romps tout... Biffez, monsieur, biffez ! (*Tardiveau biffe.*)
Je reprends ma fille. Bobin, je te la donne !

BOBIN, *joyeux* – Ah ! mon oncle !...

TARDIVEAU – Abonda! Non lle pido que me conte a súa vida!

NONANCOURT – Eu xa rematei... (*Á parte.*) Este alcalde é un cáustico. (*A Vézinet.*) Tócache a ti! (*Vézinet non se move.*)

BOBIN, *empurrándoo* – Tócalle a vostede!

VÉZINET, *avanza maxestuosamente cara ao mostrador* – Señor, antes de aceptar o papel de testemuña...

TARDIVEAU – Como?...

VÉZINET, *continuando* – Informeime sobre as miñas responsabilidades...

NONANCOURT, *á parte* – Pero onde demo vai o meu xenro?

VÉZINET – Sabedor de que unha testemuña debe reunir tres cualidades...

TARDIVEAU – Pero, señor...

VÉZINET – A primeira...

BOBIN, *entreabrindo a porta da dereita, segundo plano* – Ah! Tío! Veña aquí.

NONANCOURT – Que ocorre agora?... (*Ollando e botando un berro.*) Córame o demo!!!... O meu xenro bicando unha muller...

TODOS – Oh! (*Murmurio dos convidados.*)

BOBIN – Que desvergoñado!

HÉLÈNE – É horrible!

NONANCOURT – No día do seu casamento!

VÉZINET, *que non oíu nada, a Tardiveau* – A segunda é ser francés... ou polo menos naturalizado.

NONANCOURT, *a Tardiveau* – Acabouse!... Non pode ser... Acabouse todo!... Borre, señor, borre! (*Tardiveau chata.*) Recupero a miña filla. Bobin, confiocha a ti!

BOBIN, *ledo* – Ah! Querido tío!...

SCENE V

LES MÊMES, FADINARD

Tous, *en voyant paraître Fadinard* – Ah ! le voilà !

CHOEUR. ENSEMBLE

AIR: *C'est vraiment une horreur*

(*Tentations d'Antoinette, fin du 2e acte*)

Ah ! vraiment c'est affreux !
C'est un trait scandaleux !
C'est honteux !
Odieux !
Oui, c'est monstrueux !

FADINARD

Quel courroux orageux !
Qu'ai-je donc fait d'affreux,
De honteux,
D'odieux,
De si monstrueux ?

Mais qu'est-ce qu'il y a ? Pourquoi avez-vous quitté les fiacres ?

NONANCOURT – Mon gendre, tout est rompu !

FADINARD – C'est convenu.

NONANCOURT – Vous me rappelez les orgies de la Régence ! fi !
monsieur, fi !

BOBIN et LES INVITES – Fi ! fi !

FADINARD – Mais qu'est-ce que j'ai encore fait ?

ESCENA V

OS MESMOS, FADINARD

TODOS, *vendo aparecer a Fadinard* – Ah! Aquí está!

CORO, CONXUNTO

CANCIÓN: *Certamente é un horror.*

(*Tentacións de Antoinette, fin do acto II.*)

Ah! certamente é deshonoroso!

É realmente asombroso!

E vergoñoso!

Mesmo odioso!

Si, é monstruoso!

FADINARD

Canta ira tempestuosa!

Que fixen tan deshonoroso,

Tan vergoñoso

Tan odioso,

Ou tan monstruoso?

Pero, que ocorre? Por que baixastes das carruaxes?

NONANCOURT – Xenro, acabouse todo!

FADINARD – Está decidido.

NONANCOURT – Fasme lembrar ás orxías da Rexencia²⁸! Fóra, señor, sáqueseme de diante!

BOBIN e OS CONVIDADOS – Fóra! Fóra!

FADINARD – Pódese saber que fixen eu agora?

²⁸ Período que vai dende 1715 ata 1723. Tras a morte de Luís XIV, Philippe d'Orléans goberna como rexente durante a minoría de idade de Luís XV. A época caracterízase especialmente pola reacción en contra da austeridade que marcou o reinado de Luís XIV. A corte abandona Versalles para voltar a París.

TOUS – Oh !

NONANCOURT – Vous me le demandez ?... Non !... Tu me le demandes ? Quand je viens de te surprendre avec ta Colombine... Arlequin !

FADINARD, *à part* – Fichtre ! il m'a vu ! (*Haut.*) Alors, je ne le nierai pas.

TOUS – Ah !

HÉLÈNE, *pleurant* – Il l'avoue !

BOBIN – Pauvre cousine ! (*Embrassant Hélène.*) Fi ! monsieur, fi !...

FADINARD – Tenez-vous donc tranquille, vous !... (*A Bobin, le repoussant*). On ne marche pas dans les plates-bandes.

BOBIN – C'est ma cousine.

NONANCOURT – C'est permis.

FADINARD – Ah ! c'est permis... Eh bien ! cette dame que j'ai embrassée est ma cousine aussi.

TOUS – Ah !!!

NONANCOURT – Présentez-la-moi... je vais l'inviter à la noce.

FADINARD, *à part* – Il ne manquerait plus que ça ! (*Haut.*) C'est inutile... elle n'accepterait pas... elle est en deuil.

NONANCOURT – En robe rose ?

FADINARD – Oui, c'est de son mari.

NONANCOURT – Ah ! (*A Tardiveau.*) Monsieur, je renoue ! Bobin, je te la retire.

BOBIN, *vexé à part* – Vieux tourniquet !

NONANCOURT – Nous pouvons commencer... (*Aux autres.*) Prenons place. (*Toute la noce s'assied à droite, en face de Tardiveau.*)

FADINARD, *à l'extrême gauche, sur le devant, à part* – Que diable font-ils là ?

TODOS – Oh!

NONANCOURT – Aínda o preguntas?... Non!... E preguntásmo tí? Se acabo de verte coa túa Colombine... Arlequín²⁹!

FADINARD, *á parte* – Recontra! Viume! (*En voz alta.*) Daquela, non o podo negar.

TODOS – Ah!

HÉLÈNE, *chorando* – Recoñéceo!

BOBIN – Pobre curmá! (*Abrazando a Hélène.*) Fóra, señor, fóra!...

FADINARD – E ti, non te movas!... (*A Bobin, empurrándoo.*) Métete nos teus asuntos.

BOBIN – É a miña curmá.

NONANCOURT – Estalle permitido.

FADINARD – Ah! estalle permitido... Pois ben! Esa muller que bicaba, tamén é a miña curmá.

TODOS – Ah!!

NONANCOURT – Preséntama... quero convidala ao casamento.

FADINARD, *á parte* – Era o que faltaba! (*En voz alta.*) Imposible... non aceptaría... está de loito.

NONANCOURT – Cun vestido rosa?

FADINARD – Si, é un agasallo do seu home.

NONANCOURT – Ah! (*A Tardiveau.*) Señor, daquela, rectifico! Bobin, quítocha.

BOBIN, *ofendido, á parte* – Vello tarabelo!

NONANCOURT – Podemos comezar... (*Aos outros.*) Que cadaquén ocupe o seu posto. (*Todo o cortexo senta á dereita, en fronte de Tardiveau.*)

FADINARD, *na extrema dereita, adiantándose, á parte* – Pero, que raio están a facer?

²⁹ Personaxes da *commedia dell'arte*. Arlequín aparece con recorrencia nas comedias de Marivaux (1688-1763).

TARDIVEAU, *quittant son grand livre et allant prendre son gilet de flanelle à l'extrémité du comptoir, à part* – Non, je ne veux pas rester comme ça...

NONANCOURT, *à la noce* – Eh bien, il s'en va ?... Il paraît que ce n'est pas ici qu'on marie.

TARDIVEAU, *son gilet de flanelle à la main, à part* – Il faut absolument que je change. (*Il sort du comptoir, par l'avant-scène.*)

NONANCOURT, *à la noce* – Suivons M. le maire ! (*Il prend son myrte sur le comptoir, et passe dans le comptoir en suivant Tardiveau. Toute la noce suit Nonancourt à la file ; Bobin prend le registre, Vézinet l'écharpe ; d'autres l'encrier, la plume, la règle. Nonancourt donne le bras à sa fille. Tardiveau, se voyant suivi, ne sait ce que cela signifie, et sort précipitamment par la droite, premier plan.*)

CHOEUR

AIR: *Vite ! que l'on se rende (Tentations d'Antoinette)*

Puisque ce dignitaire
Daigne guider nos pas,
Suivons monsieur le maire
Et ne le quittons pas !

SCENE VI

FADINARD ; *puis* CLARA

FADINARD, *seul* – Qu'est-ce qu'ils font ?... où vont-ils ?

CLARA, *entrant par la droite, deuxième plan* – Monsieur Fadinard !

FADINARD – Ah ! Clara !...

TARDIVEAU, *pechando o libro e indo cara á punta do mostrador para coller o chaleco de flanela, á parte* – Non, non podo seguir así...

NONANCOURT, *ao cortexo* – Pero, como? Agora marcha?... Parece que non é aquí onde casan á xente.

TARDIVEAU, *co chaleco de flanela na man, á parte* – Teño que me cambiar como sexa. (*Sae fóra do mostrador, polo proskenio.*)

NONANCOURT, *ao cortexo* – Sigamos o señor alcalde! (*Colle o mirto de enriba do mostrador, e pasa por detrás seguindo a Tardiveau. Todos os convidados seguen en procesión a Nonancourt; Bobin colle o rexistro, Vézinnet a banda; outros o tinteiro, a pluma e a regra. Nonancourt dálle o brazo á súa filla. Tardiveau, vendo que o seguen, non entende nada, e sae precipitadamente pola dereita, primeiro plano.*)

CORO

CANCIÓN: *Imos axiña! (Tentacións de Antoinette.)*

Posto que este dignatario
 Quere ser dos nosos pasos guía,
 Sigamos o señor mandatario
 Sen perdermos a fasquía!

ESCENA VI

FADINARD; *despois* CLARA

FADINARD, *só* – Pero que fan?... Onde van todos?

CLARA, *entrando pola dereita, segundo plano* – Señor Fadinard!

FADINARD – Ah! Clara!...

CLARA – Dites donc... voici votre échantillon... Je n'ai rien de pareil à ça

FADINARD – Comment !

CLARA – C'est une paille très fine... qui n'est pas dans le commerce... Oh ! vous n'en trouverez nulle part, allez !
(*Elle lui rend le fragment de chapeau.*)

FADINARD, *à part* – Sapristi ! me voilà bien !

CLARA – Si vous voulez attendre quinze jours, je vous en ferai venir un de Florence.

FADINARD – Quinze jours !... Petite bûche !

CLARA – Je n'en connais qu'un semblable à Paris.

FADINARD, *vivement* – Je l'achète !

CLARA – Oui, mais il n'est pas à vendre... Je l'ai monté, il y a huit jours, pour madame la baronne de Champigny. (*Clara s'approche du comptoir et range dans le magasin.*)

FADINARD, *à part se promenant* – Une baronne ! Je ne peux pas me présenter chez elle et lui dire: "Madame, combien le chapeau ?..." Ma foi, tant pis pour ce monsieur et cette dame !... je vais d'abord me marier, et après...

SCENE VII

LES MÊMES, TARDIVEAU, *toute la noce*

TARDIVEAU, *il entre très effaré par la porte du fond, il tient son gilet de flanelle à la main – Dieu ! que j'ai chaud ! (Au même instant, toute la noce débouche à sa suite. Nonancourt avec son myrte, Bobin portant le registre et Vézinet l'écharpe. Tardiveau, en les voyant, reprend sa course et entre à gauche.)*

CLARA – Aquí tes a túa mostra... non teño nada que se lle pareza.

FADINARD – Como!

CLARA – É un tipo de palla moi delicada... Neste momento non me queda nada así no comercio... E non creo que a aches noutro lado, toma! (*Dálle o anaco de chapeu.*)

FADINARD, *á parte* – Vaia! Pois si que vou aviado!

CLARA – Se queres esperar quince días, podo mandar vir un de Florencia.

FADINARD – Quince días!... Case nada!

CLARA – En todo París, só sei de un coma este.

FADINARD, *con vehemencia* – Cómprocho!

CLARA – Si, pero non está en venda... Levéillo, haberá oito días, á casa da baronesa de Champigny. (*Clara achégase ao mostrador e pon orde na tenda.*)

FADINARD, *á parte, paseando* – Unha baronesa... Non me podo presentar na súa casa e dicirlle: “Señora, canto quere polo seu chapeu?...” Abofé que non!... Mágoa do cabaleiro e a súa dama!... Primeiro vou casar, e logo...

ESCENA VII

OS MESMOS, TARDIVEAU, *todo o cortexo*

TARDIVEAU, *entra moi atordado pola porta do fondo, leva o chaleco de flanela na man* – Deus! Que calor teño! (*Nese mesmo momento, entra detrás del todo o cortexo. Nonancourt leva o mirto, Bobin o rexistro e Vézinnet a banda. Ao velos chegar, Tardiveau reinicia a súa carreira e entra pola esquerda.*)

CHOEUR

Même choeur que ci-dessus

Puisque ce dignitaire,

Etc.

CLARA, *stupéfaite* – Qu'est-ce que c'est que ça ? (*Elle entre à gauche.*)

FADINARD – Quel commerce font-ils là ?... Père Nonancourt ! (*Il va suivre la noce, lorsqu'il est arrêté par Félix qui entre vivement par le fond.*)

SCENE VIII

FADINARD, FÉLIX ; *puis* CLARA

FÉLIX – Monsieur, je viens de la maison.

FADINARD, *vivement* – Eh bien, ce militaire ?...

FÉLIX – Il jure... il grince... il casse les chaises...

FADINARD – Sapristi !

FÉLIX – Il dit que vous le faites poser que vous deviez être de retour dans dix minutes... mais qu'il vous repincera tôt ou tard quand vous rentrerez...

FADINARD – Félix, tu es mon domestique, je t'ordonne de le flanquer par la fenêtre.

FÉLIX – Il ne s'y prêterait pas.

FADINARD, *vivement* – Et la dame ?... la dame ?

FÉLIX – Elle a des attaques de nerfs... elle se roule... elle pleure !

FADINARD – Elle séchera.

FÉLIX – Alors, on a envoyé chercher le médecin. Il l'a fait mettre au lit et il ne la quitte pas.

CORO

O mesmo coro anterior.

Posto que este dignatario,
Etc.

CLARA, *abraiada* – Que está pasando aquí? (*Entra pola esquerda.*)

FADINARD – Pero, que andan argallando?... Papá Nonancourt!
(*Vai ir detrás do cortexo; pero Félix, que entra polo fondo, faíno recuar.*)

ESCENA VIII

FADINARD, FÉLIX; *despois* CLARA

FÉLIX – Señor, veño da casa.

FADINARD, *vivamente* – Que foi do militar?...

FÉLIX – Blasfema... rosma... e rompe as cadeiras...

FADINARD – Mal raio me parta!

FÉLIX – Di que vostede o está chanceando... que tiña que estar de volta en dez minutos... e que se ha vingar en canto o vexa chegar...

FADINARD – Félix, ti es o meu criado, ordénoche que o botes pola fiestra.

FÉLIX – Non se vai deixar.

FADINARD, *enérxico* – E a señora?... Que fai?...

FÉLIX – Danlle ataques de nervios... retórcese... e chora!

FADINARD, *berrando* – Halle pasar.

FÉLIX – Daquela, chamamos o médico, que a mandou meter na cama e quedou á súa beira.

FADINARD, criant – Au lit ?... où ça, au lit ?... dans quel lit ?

FÉLIX – Dans le vôtre, monsieur !

FADINARD, *avec force* – Profanation !... que je ne veux pas !... la couche de mon Hélène... que je n'osais pas même étreindre du regard !... et voilà une dame qui vient y rouler ses nerfs !... Va, cours... fais-la lever... tire les couvertures...

FÉLIX – Mais, monsieur.

FADINARD – Dis-leur que j'ai trouvé l'objet... que je suis sur la piste !...

Félix – Quel objet ?

FADINARD, *le poussant* – Va donc, animal ! (*A lui-même.*) Il n'y a plus à hésiter. Une malade chez moi, un médecin !... il me faut ce chapeau à tout prix !... dussé-je le conquérir sur une tête couronnée... ou au sommet de l'obélisque !... Oui, mais qu'est-ce que je vais faire de ma noce ?... Une idée !... si je les introduisais dans la colonne !... C'est ça... je dirai au gardien: "Je retiens le monument pour douze heures ; ne laissez sortir personne !..." (*A Clara qui rentre étonnée, par la gauche, en regardant à la cantonade. La ramenant vivement sur le devant.*) Clara !... vite !... où demeure-t-elle ?...

CLARA – Qui ça ?

FADINARD – Ta baronne !

CLARA – Quelle baronne ?

FADINARD – La baronne au chapeau, crétine !...

CLARA, *se révoltant* – Ah ! mais dites donc !...

FADINARD. Non !... Cher ange !... je voulais dire Cher ange !...
Donne-moi son adresse.

FADINARD, *berrando* – Na cama?... Onde, na cama?... En que cama?

FÉLIX – Na súa, señor!

FADINARD, *con forza* – Profanación!... Non pode ser!... o leito da miña Hélène... Eu, que nin sequera ousaba estrealo co meu ollar!... E agora, unha muller vén retorcer nel os seus nervios!... Veña, corre... que se erga... sácalle as mantas...

FÉLIX – Pero, señor...

FADINARD – Dilles que dei co obxecto... Que ando na procura del!...

FÉLIX – Que obxecto?

FADINARD, *empurrándoo* – Marcha dunha vez, brután!... (*Falando consigo mesmo.*) Non hai tempo que perder... Unha enferma e un médico na miña casa... Teño que conseguir ese chapeu como sexa!... Aínda que o teña que roubar dunha cabeza real!... ou da punta do obelisco!... Si, pero..., que vou facer co meu cortexo?... Xa sei!... E se os metese todos na columna³⁰!... Iso é!... e direille ao garda: “Alúgolle o monumento por doce horas; non deixe saír ninguén!...” (*A Clara que entra pola esquerda, sorprendida, mirando cara ás bambolinas. Cóllea e lévaa bruscamente ata o proscenio.*) Clara!... Axiña!... Onde vive?...

CLARA – Quen?

FADINARD – A baronesa!

CLARA – Que baronesa?

FADINARD – A baronesa do chapeu, boba!...

CLARA, *encoraxada* – Ai si!...

FADINARD – Non!... Bobiña!... quixen dicir: Queridiña!... Dime o seu enderezo.

³⁰ O obelisco é o da Praza da Concorde en París, a columna fai alusión á da Praza Vendôme.

CLARA – M. Tardiveau va vous y conduire... le voici... Mais, vous m'épouserez ?...

FADINARD – Parbleu !...

SCENE IX

FADINARD, CLARA, TARDIVEAU ; *puis* TOUTE LA NOCE

TARDIVEAU, entrant par la gauche, et de plus en plus effaré – Mais qu'est-ce que c'est que ces gens-là ? Pourquoi diable me suivent-ils ?... Impossible de changer !...

CLARA – Vite, conduisez Monsieur chez la baronne de Champigny.

TARDIVEAU – Mais, madame...

FADINARD – Dépêchons-nous. c'est pressé ! (*A Tardiveau.*) J'ai huit fiacres... prenez le premier... (*Il l'entraîne par le fond. Toute la noce débouche par la gauche et s'élançe à la suite de Tardiveau et de Fadinard.*)

CHOEUR

Même chœur que le précédent

Puisque ce dignitaire,

Etc.

Clara, voyant emporter son grand livre, veut le retenir. Le rideau tombe.

CLARA – O señor Tardiveau vaite acompañar... aí o está... Pero, vas casar comigo?...

FADINARD – Meu Deus!...

ESCENA IX

FADINARD, CLARA, TARDIVEAU; *despois* TODO O CORTEXO.

TARDIVEAU, *entrando pola esquerda, e cada vez máis atordado* –
Quen é toda esta xente? Por que demo me seguen?... Non me deixan mudar!...

CLARA – Pronto, acompaña o señor á casa da baronesa de Champigny.

TARDIVEAU – Pero, señora...

FADINARD – Veña, axiña... Deámonos présa!... (*A Tardiveau.*)
Fóra teño oito carruaxes... colla o que quixer... (*Arrástrao con el para o fondo. Todo o cortexo chega pola esquerda, saen detrás de Tardiveau e Fadinard.*)

CORO

O mesmo coro anterior.

Posto que este dignatario,

Etc.

Clara, vendo que van marchar co seu libro, quere collelo. Cae o pano.

ACTE III

Le théâtre représente un riche salon – Trois portes au fond s'ouvrant sur la salle à manger – A gauche, une porte conduisant dans les autres pièces de l'appartement – Sur le devant, une causeuse – A droite, porte principale d'entrée ; plus loin, une porte de cabinet – Sur le devant, adossé à la cloison, un piano ; ameublement somptueux.

SCENE PREMIERE

LA BARONNE DE CHAMPIGNY, ACHILLE DE ROSALBA

Au lever du rideau, les trois portes du fond sont ouvertes, on aperçoit une table splendidement servie.

ACHILLE, *entrant par la droite et regardant dans la coulisse* –
 Charmant ! ravissant !... c'est décoré avec un goût !...
 (*Regardant au fond.*) Et par ici... une table servie !.

LA BARONNE, *entrant par la gauche* – Curieux !...

ACHILLE – Ah ça ! ma chère cousine... vous nous invitez à une matinée musicale, et je vois les préparatifs d'un souper... Qu'est-ce que cela signifie ?

LA BARONNE – Cela signifie, mon cher vicomte, que j'ai l'intention de garder mes invités le plus longtemps possible... Après le concert, on dînera, et, après le dîner, on dansera... Voilà le programme.

ACHILLE – Je m'y conformerai... Est-ce que vous avez beaucoup de chanteurs ?

LA BARONNE – Oui ; pourquoi ?

ACHILLE – C'est que je vous aurais prié de me conserver une petite place.. j'ai composé une romance...

ACTO III

O escenario representa un salón de moito luxo. Tres portas ao fondo dan ao comedor. Á esquerda, unha porta conduce ás outras dependencias da vivenda. No proscenio hai un sofá pequeno de dúas prazas. Á dereita está a porta principal; un pouco máis alá outra porta que dá a un cuarto. Pegado ao tabique hai un piano; mobiliario suntuoso.

ESCENA I

A BARONESA DE CHAMPIGNY, ACHILLE DE ROSALBA

Ao subir o pano, as tres portas do fondo están abertas, vese unha mesa esplendidamente servida.

ACHILLE, *entrando pola dereita e mirando entre bambolinas* – Encantador! Marabilloso!... Está decorado con moito gusto!... (*Mirando para o fondo.*) E por aquí..., a mesa posta!...

A BARONESA, *entrando pola esquerda* – Curioso!...

ACHILLE – Pero querida curmá!... invítanos a unha sesión de música matinal, e vexo todos os preparativos dunha cea... A que vén isto?

A BARONESA – Isto vén, querido visconde, a que teño a intención de reter os meus invitados todo o tempo posible... Despois do concerto, habemos de cear, e logo, habemos de bailar... Ese é o programa.

ACHILLE – Conforme... Hai moitos cantantes?

A BARONESA – Si, por que?

ACHILLE – Pedírache que me reservases un pequeno oco... compuxen unha romanza³¹...

³¹ Nos séculos XVIII e XIX, peza musical, poesía ou canción popular de tema sentimental.

LA BARONNE, *à part* – Aïe !...

ACHILLE – Le titre est délicieux: Brise du soir !

LA BARONNE – C'est neuf surtout.

ACHILLE – Quant à l'idée... c'est plein de fraîcheur... on fait les foins... un jeune pâtre est assis dans la prairie...

LA BARONNE – Certainement... c'est très gentil... en famille... pendant qu'on fait le whist... Mais, aujourd'hui, mon cousin... place aux artistes !... Nous aurons les premiers talents, et, parmi eux, le chanteur à la mode, le fameux Nisnardi de Bologne.

ACHILLE – Nisnardi !... Qu'est-ce que c'est que ça ?

LA BARONNE – Un ténor, arrivé depuis huit jours à Paris, et qui est déjà célèbre... on se l'arrache.

ACHILLE – Je ne le connais pas.

LA BARONNE – Ni moi... mais j'y tenais... je lui ai fait offrir trois mille francs pour chanter deux morceaux...

ACHILLE – Prenez *Brise du soir*... pour rien !

LA BARONNE, *souriant* – C'est trop cher... Ce matin, j'ai reçu la réponse du signor Nisnardi... la voici !...

ACHILLE – Ah ! un autographe... voyons !...

LA BARONNE, *lisant* – “Madame, vous me demandez deux morceaux, j'en chanterai trois... Vous m'offrez mille écus, ce n'est pas assez...”

ACHILLE – Mazette !...

LA BARONNE, *continuant* – “Je n'accepterai qu'une fleur de votre bouquet.”

ACHILLE – Ah !... c'est délicat !... c'est... Tiens ! j'en ferai une romance !...

LA BARONNE – C'est un homme charmant !... Jeudi dernier, il a chanté chez la comtesse de Bray... qui a de si jolis pieds... vous savez... ?

A BARONESA, *á parte* – Ai! Ai!...

ACHILLE – O título é delicioso: *Brisa da noite!*

A BARONESA – Sobre todo, moi orixinal...

ACHILLE – A idea está chea de frescura... Durante a colleita... un pastor noviño está sentado nun prado...

A BARONESA – Dende logo... sería moi agradable... en familia... cando xogamos aos naipes³²... Pero, hoxe, curmán... Deixémoslles o sitio aos artistas!... Imos contar cos mellores talentos e, entre eles, o cantante de moda, o famoso Nisnardi de Boloña.

ACHILLE – Nisnardi!... Quen é ese?

A BARONESA – Un tenor chegado hai oito días a París que xa ten grande sona. Todo o mundo anda á súa porfía.

ACHILLE – Non o coñezo.

A BARONESA – Nin eu..., pero quixen coñecelo... Fixen que lle ofrecesen tres mil francos por cantar dúas pezas...

ACHILLE – Eu douche *Brisa da noite*... por nada!

A BARONESA, *sorrindo* – É demasiado caro... Esta mañá recibín contestación do señor Nisnardi... Velaquí está.

ACHILLE – Ah!, unha nota! Vexamos...

A BARONESA, *lendo* – “Señora, pídeme dúas pezas, cantarei tres... Ofréceme mil escudos, non é suficiente...”

ACHILLE – Recontra!

A BARONESA, *continuando* – “Só aceptarei unha flor do seu ramallete.”

ACHILLE – Ah!... é moi cortés!... é... Si! Vou compoñer unha romanza!...

A BARONESA – É un home engaiolante!... O xoves pasado, cantou na casa da condesa de Bray... a que ten os pés tan xeitosos... sabes de quen falo?...

³² *Whist* no orixinal, xogo de cartas moi estendido en Francia durante o século XIX, antecesor do *bridge*.

ACHILLE – Oui... Eh bien !...

LA BARONNE – Devinez ce qu'il lui a demandé ?

ACHILLE – Dame ! je ne sais pas... un pot de giroflées ?

LA BARONNE – Non... un soulier de bal !

ACHILLE – Un soulier !... Ah ! voilà un original !

LA BARONNE – Il est plein de fantaisies.

ACHILLE – Après ça... tant qu'elles ne passeront pas la cheville...

LA BARONNE – Vicomte !...

ACHILLE – Dame ! écoutez donc !... un ténor !... (*On entend le bruit de plusieurs voitures.*)

LA BARONNE – Ah ! mon Dieu !... seraient-ce déjà mes invités ?...
Mon cousin, veuillez me remplacer, je ne serai pas
longtemps. (*Elle sort par la gauche.*)

SCENE II

ACHILLE, *puis* UN DOMESTIQUE

ACHILLE, *à la baronne qui sort* – Soyez tranquille, belle cousine..
Comptez sur moi.

UN DOMESTIQUE, *entrant par la droite* – Il y a là un monsieur qui
demande à parler à madame la baronne de Champigny.

ACHILLE -Son nom ?

LE DOMESTIQUE – Il n'a pas voulu le donner... Il dit que c'est lui
qui a eu l'honneur d'écrire ce matin à madame la baronne

ACHILLE, *à part* – Ah ! j'y suis... le chanteur, l'homme au soulier, je
suis curieux de le voir... Diable !... il est exact... On voit
bien que c'est un étranger... N'importe !... un homme qui
refuse trois mille francs, on doit le combler d'égards... (*Au*

ACHILLE – Sei!... e que tal?...

A BARONESA – Adiviña que lle pediu?

ACHILLE – Nin idea... un testo de alelís?

A BARONESA – Non..., un zapato de baile!

ACHILLE – Un zapato!... Que extravagante!

A BARONESA – Está cheo de sorpresas.

ACHILLE – Sempre que non se saia do testo³³...

A BARONESA – Visconde!...

ACHILLE – Escoita!... É o tenor!... (*Óese o ruído de carruaxes.*)

ACHILLE – Ah! Meu Deus!... Deben ser os meus convidados!...
Curmán, queres facer de anfitrión no meu lugar, non
demorarei moito. (*Sae pola esquerda.*)

ESCENA II

ACHILLE; *despois* UN CRIADO

ACHILLE, *á baronesa que sae* – Perde coidado, bela curmá... Conta
comigo.

UN CRIADO, *entrando pola dereita* – Hai aquí un señor que desexa
falar coa baronesa de Champigny.

ACHILLE – Cal é o seu nome?

UN CRIADO – Non quixo dicilo... Di que tivo o honor de lle
escribir hoxe pola mañá á señora baronesa.

ACHILLE, *á parte* – Ah! ben, ben... o cantante, o home do zapato,
sinto curiosidade por saber como é... Demo!... É ben
puntual... Ben se ve que é estranxeiro... Tanto ten!... A un
home que rexeita tres mil francos, hai que colmalo de

³³ A expresión orixinal é *ne pas arriver à la cheville de quelqu'un*, isto é, ser inferior a alguén; no texto fai alusión ás extravagancias do tenor: *tant qu'elles ne passeront pas la cheville*, se non van máis alá diso, mentres non pasen do nocelo, literalmente.

domestique.) Faites entrer. (*A part.*) D'ailleurs, c'est un musicien, un confrère...

SCENE III

FADINARD, ACHILLE

FADINARD, paraissant à droite, très timidement – Pardon, monsieur !... (Le domestique sort.)

ACHILLE – Entrez donc, mon cher, entrez donc !...

FADINARD, embarrassé et s'avançant avec force saluts – Je vous remercie... j'étais bien là... (*Il met son chapeau sur sa tête et l'ôte vivement.*) Ah !... (*A part.*) Je ne sais plus ce que je fais... ces domestiques... ce salon doré... (*Indiquant la droite.*) Ces grands portraits de famille qui avaient l'air de me dire: "Veux-tu t'en aller ! nous ne vendons pas de chapeaux !..." Tout ça m'a donné un trac !...

ACHILLE, le lorgnant à part – Il a bien l'air d'un Italien !... Quel drôle de gilet !... (*Il rit en le lorgnant.*) Eh ! eh ! eh !

FADINARD, *lui faisant plusieurs aluts* – Monsieur... j'ai bien l'honneur... de vous saluer... (*A part.*) C'est quelque majordome !...

ACHILLE – Asseyez-vous donc !...

FADINARD – Non, merci... je suis trop fatigué... c'est-à-dire... je suis venu en fiacre...

ACHILLE, *riant* – En fiacre ?... c'est charmant !

FADINARD – C'est plus dur... que charmant.

ACHILLE – Nous parlions de vous à l'instant !... Ah ! mon gaillard ! Il paraît que vous aimez les petits pieds ?...

FADINARD, *étonné* – Aux truffes ?...

ACHILLE – Ah ! très joli !. C'est égal, votre histoire de soulier est adorable... adorable !...

miramentos... (*Ao criado*). Faino pasar... (*Á parte*.) Hai que ter en conta que se trata dun músico, un colega a fin de contas...

ESCENA III

FADINARD, ACHILLE

FADINARD, *aparecendo pola dereita, moi tímido* – Desculpe, señor!... (*O criado sae*.)

ACHILLE – Entre, señor, entre!...

FADINARD, *incómodo, avanza facendo moitas reverencias* – Moitas grazas... Pero estaba ben aí fóra... (*Saca e pon o chapeu con rapidez*) Ah!... (*Á parte*.) Non sei o que fago... tanto criado... e tanto luxo... (*Indicando á dereita*.) Eses grandes retratos de familia, que parecían estar dicíndo: “Lisca! Aquí non vendemos chapeus!...” Puxéronme medo!...

ACHILLE, *mirándoo de esguello, á parte* – Ten pinta de italiano!... Vaia chaleco!... (*Ri, mirando para el*.) Hi!, Hi!, Hi!...

FADINARD, *facéndolle varias reverencias* – Señor, é para min unha honra... coñecelo... (*Á parte*.) Será algún mordomo?...

ACHILLE – Sente!

FADINARD – Non, grazas... estou demasiado canso... quero dicir... que vin en carruaxe...

ACHILLE, *rindo* – En carruaxe... Que agradable!

FADINARD – Máis que agradable é duro.

ACHILLE – Hai un momento estabamos a falar de vostede... Ah, pillabán! Seica lle gustan os lindos peños!...

FADINARD – Con trufas?...

ACHILLE – Ah, iso está moi ben!... Inaudito, a historia do zapato é adorable... adorable!...

FADINARD, *à part* – Ah çà ! qu'est-ce qu'il me chante ?... (*Haut.*)
Pardon... s'il n'y a pas d'indiscrétion, je désirerais parler à
madame la baronne.

ACHILLE – C'est prodigieux, mon cher... vous n'avez pas le
moindre accent...

FADINARD – Oh ! vous me flattez...

ACHILLE – Ma parole ! vous seriez de Nanterre...

FADINARD, *à part* – Ah çà ! qu'est-ce qu'il me chante ?... (*Haut.*)
Pardon... s'il n'y a pas d'indiscrétion, je désirerais parler...

ACHILLE – A madame de Champigny ?... Elle va venir, elle est à sa
toilette.. et je suis chargé de la remplacer, moi, son cousin,
le vicomte Achille de Rosalba.

FADINARD, *à part* – Un vicomte !... (*Il lui fait plusieurs saluts, à
part.*) Je n'oserai jamais marchander un chapeau de paille
à ces gens-là !...

ACHILLE, *l'appelant* – Dites donc ?...

FADINARD, *allant à lui* – Monsieur le vicomte ?...

ACHILLE, *s'appuyant sur son épaule* – Qu'est-ce que vous
penseriez d'une romance intitulée *Brise du soir* ?

FADINARD – Moi ?... mais... Et vous ?

ACHILLE – C'est plein de fraîcheur... On fait les foins... un jeune
pâtre...

FADINARD, *retirant son épaule de dessous le bras d'Achille* –
Pardon... s'il n'y a pas d'indiscrétion, je désirerais
parler.

ACHILLE – C'est juste... Je cours la prévenir... Enchanté, mon cher,
d'avoir fait votre connaissance...

FADINARD – Oh ! monsieur le vicomte !... c'est moi... qui...

FADINARD, *á parte* – Pero, non entendo nada!... (*En voz alta.*)
 Desculpe, se non é indiscreción, gustaríame falar coa señora baronesa.

ACHILLE – É increíble, señor... non ten vostede nin chisca de acento...

FADINARD – Oh, estame facendo afagos!...

ACHILLE – Abofé que si! Calquera diría que vostede é de Nanterre³⁴...

FADINARD, *á parte* – Pero, de que me fala!... (*En voz alta.*)
 Desculpe... Se non é moita indiscreción, gustaríame falar...

ACHILLE – Coa señora de Champigny?... Chegará decontado, está no seu toucador... Eu, que son o seu curmán, o visconde de Achille de Rosalba, quedei encargado de substituíla.

FADINARD, *á parte* – Un visconde!...(*Faillie varias reverencias, á parte.*) Non me atrevería a relear por un chapeu de palla con esta xente!...

ACHILLE, *chamándoo* – Dígame?...

FADINARD, *indo cara el* – Señor visconde?...

ACHILLE, *apoiándose no seu ombro* – Que opinión lle merece unha romanza titulada *Brisa da noite?*

FADINARD – A min?... E a vostede?

ACHILLE – Está chea de frescura... Durante a colleita... un pastor noviño...

FADINARD, *sacando o seu ombro de debaixo do brazo de Achille* –
 Desculpe..., se non é moita indiscreción, gustaríame falar...

ACHILLE – Desde logo... vouna chamar... Encantado de coñecelo, señor...

FADINARD – Oh! A honra é miña, señor visconde!

³⁴ Vila que pertence ao departamento de Hauts-de Seine. Está situada na ribeira do Sena, hoxe distrito X.

ACHILLE, *sortant* – C'est qu'il n'a pas le moindre accent... pas le moindre !... (Il sort à gauche.)

SCENE IV

FADINARD, *seul*

Enfin, me voici chez la baronne !... Elle est prévenue de ma visite ; en sortant de chez Clara, la modiste, je lui ai vite écrit un billet pour lui demander une audience... Je lui ai tout raconté, et j'ai fini par cette phrase que je crois pathétique: "Madame, deux têtes sont attachées à votre chapeau... rappelez-vous que le dévouement est la plus belle coiffure d'une femme !..." Je crois que ça fera bien, et j'ai signé: le comte de Fadinard. Ça ne fera pas mal non plus... parce qu'une baronne... Sapristi ! elle met le temps à sa toilette !... et ma diable de noce qui est toujours là, en bas... C'est qu'il n'y a pas à dire, ils ne veulent pas me lâcher... depuis ce matin, je suis dans la situation d'un homme qui se serait posé une place de fiacres... pas sur l'estomac !... c'est très incommode... pour aller dans le monde... sans compter le beau-père... mon porc-épic... qui a toujours le nez à la portière pour me crier: "Mon gendre, êtes-vous bien ?... Mon gendre, quel est ce monument ?... Mon gendre, où allons-nous ?..." Alors, pour m'en débarrasser, je lui ai répondu: "Au Veau-qui-tête !..." et ils se croient dans la cour de cet établissement ; mais j'ai recommandé aux cochers de ne laisser monter personne... Je n'éprouve pas le besoin de présenter ma famille à la baronne... Sapristi ! elle met le temps à sa toilette !... si elle savait que j'ai chez moi deux enragés qui disloquent mes meubles... et que, ce soir, peut-être... je n'aurai pas même une chaise à offrir à ma femme... pour reposer sa tête... Oui, à ma femme !... Ah ! tiens ! je ne vous ai pas dit... un détail !... je suis marié !... c'est fini... Que voulez-vous ! le beau-père écumait... sa fille pleurait et Bobin m'embrassait... Alors, j'ai profité d'un embarras de voitures pour entrer à la mairie et, de là, à l'église... Pauvre Hélène !... si vous l'aviez vue avec son air de colombe !... (Changeant de ton.) Ah ! sapristi ! elle met le temps à sa toilette !... Ah ! la voici !...

ACHILLE, *saindo* – Non ten nin o máis mínimo acento!... Nin o máis mínimo!... (*Sae pola esquerda.*)

ESCENA IV

FADINARD, *só.*

*Por fin! Xa estou na casa da baronesa... Está avisada da miña visita; ao saír da de Clara, a chapeleira, escribinlle axiña unha nota para lle pedir audiencia... Conteille todo, e rematei con esta patética frase, que coido suficientemente conmovedora: “Señora, dúas cabezas dependen do seu chapeu!... non esqueza que, para unha muller, a abnegación é o mellor dos adobios!...” Penso que causará un bo efecto. E asinei: o conde de Fadinard. Tampouco lle fago dano a ninguén... e ao tratarse dunha baronesa... Caramba! pasa ben tempo no toucador!... e o demo do meu cortexo segue esperando aí embaixo... Non hai nada que facer, non me queren soltar... dende esta mañá, calquera diría que levo un negocio de carruaxes... amólame... ir polo mundo así... por non falar do meu sogro... ese ourizo cacho que leva sempre o nariz por fóra da xanela para berrarme: Xenro, vas ben?... Xenro, que é ese monumento?... Xenro, onde imos?...” Daquela, para desfacerme del, contesteille “Ao Xato mamón!...”, e agora todos cren que están no patio dunha fonda; pero xa lle dixen ós cocheiros que non deixasen subir ninguén... Non teño ningún interese en lle presentar a miña familia á baronesa... Caramba! mira que pasa tempo no seu toucador!... se soubese que na miña casa hai dous tolos estragando os meus mobles... e que, se cadra esta noite... non vou ter nin unha soa cadeira que lle ofrecer á miña muller... para que descanse... Si, á miña muller!... Ah! Isto non volo dixen!... un pequeno detalle!... Xa estou casado!... e acabouse o conto... Que podía facer?... o meu xenro botaba espuma pola boca... a súa filla choraba e Bobin bicábame... Daquela, aproveitei unha aglomeración de carruaxes para entrar no concello e, desde alí, fomos á igrexa... A pobre Hélène!... Tiñades que a ver co seu vestido de pomba!... (*Cambiando de ton.*) Ah! Recontra! Mira que bota tempo no toucador!... Ah! Aquí chega!...*

SCENE V

FADINARD, LA BARONNE

LA BARONNE, *entrant par la gauche, en toilette de bal et avec un bouquet* – Mille pardons, cher monsieur, de vous avoir fait attendre...

FADINARD – C'est moi, madame, qui suis confus... (*Dans son trouble, il remet son chapeau sur sa tête et l'ôte vivement. A part.*) Bien ! voilà mon trac qui me reprend.

LA BARONNE – Je vous remercie d'être venu de bonne heure... nous pourrons causer... Vous n'avez pas froid ?

FADINARD, *s'essuyant le front* – Merci... je suis venu en fiacre...

LA BARONNE – Ah ! dame ! il y a une chose que je ne puis pas vous donner... c'est le ciel de l'Italie.

FADINARD – Ah ! madame !... d'abord, je ne l'accepterais pas... ça me gênerait... et puis ce n'est pas là ce que je suis venu chercher...

LA BARONNE – Je le pense bien... Quel magnifique pays que l'Italie !

FADINARD – Ah ! oui... (*A part.*) Qu'est-ce qu'elle a donc à parler de l'Italie ?

LA BARONNE

AIR de *La Fée aux roses*

Le souvenir retrace à mon âme charmée
 Ses palais somptueux, ses monts et ses coteaux...

FADINARD, *comme pour lui rappeler le but de sa visite.*
 Et ses chapeaux !

LA BARONNE

Et ses bois d'orangers où la brise embaumée
 Mêlé des chants d'amour aux chansons des oiseaux ;
 Son golfe aux tièdes eaux
 Berçant mille vaisseaux ;
 Et ses blés d'or si beaux...

ESCENA V

FADINARD, A BARONESA

A BARONESA, *entrando pola esquerda leva un vestido de baile e na man un ramallete* – Mil perdóns por facelo esperar, querido...

FADINARD – Son eu, señora, o que está confuso... (*Na súa turbación saca e pon o chapeu con rapidez. Á parte.*) Ben! Volvo sentir medo!

A BARONESA – Agradézolle que viñese tan cedo... así teremos tempo de falar... Non ten frío?

FADINARD, *limpando o fronte* – Non, grazas... vin en carruaxe...

A BARONESA – Ah! mágoa! hai unha cousa que non lle podo ofrecer... o ceo de Italia.

FADINARD – Señora!... non podería aceptalo... anoxariame... e ademais non é iso o que vin buscar

A BARONESA – Desde logo... Que fermoso país é Italia!

FADINARD – Si! Si!... (*Á parte.*) Por que fala de Italia?

A BARONESA

CANCIÓN da *Fada das rosas*.

O seu recordo tráelle á miña alma encantada
Os seus pazos suntuosos, os seus montes e outeiros...

FADINARD, *como para lle lembrar a razón da súa visita*.

E os chapeus!

A BARONESA

Os seus bosques de laranxeiras onde a brisa perfumada
Mestura as cancións de amor coas dos carboeiros;
O seu golfo de auga temperada
Arrola mil veleiros;
O dourado trigo dos celeiros...

FADINARD, *de même*

Dont on fait de très jolis chapeaux...
Que mangent les chevaux.

LA BARONNE, *étonnée* – Comment ?

FADINARD, *un peu ému* – Madame la baronne a sans doute reçu le billet que je lui ai fait l'honneur... non ! que je me suis fait l'honneur... c'est-à-dire que j'ai eu l'honneur de lui écrire ?...

LA BARONNE – Certainement... c'est une délicatesse... (*Elle s'assied sur la causeuse et fait signe à Fadinard de prendre une chaise.*)

FADINARD – Vous avez dû me trouver bien indiscret...

LA BARONNE – Du tout.

FADINARD, *s'asseyant sur une chaise, près de la baronne* – Je demanderai à madame la baronne la permission de lui rappeler... que le dévouement est la plus belle coiffure d'une femme.

LA BARONNE, *étonnée* – Plaît-il ?

FADINARD – Je dis:... Le dévouement est la plus belle coiffure d'une femme.

LA BARONNE – Sans doute. (*A part.*) Qu'est-ce que cela veut dire ?

FADINARD, *à part* – Elle a compris... elle va me remettre le chapeau...

